# PROGRAMACIÓN XERAL

CURSO

2021-2022

# EDUCACIÓN INFANTIL

# CEIP A Xunqueira 1

# ÍNDICE


ÍNDICE ........................................................................................ 2

1.-CONTEXTUALIZACIÓN.......................................................................... 4

1.1.- Características da zona. 4

1.2.- Características do centro. 4

1.3.- Características do alumnado 5

2.- OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E COMPETENCIAS BÁSICAS DO SEGUNDO CICLO DA EDUCACIÓN INFANTIL .-........................................ 8

2.1 .- Obxectivos xerais da Educación Infantil ........................................ 8

2.2 .- Área de coñecemento de si mesmo/a e autonomía persoal ................ 8

2.3 .- Área de coñecemento do contorno .............................................. 19

2.4 .- Área de linguaxes: comunicación e representación ........................ 45

3.-METODOLOXÍA ........................................................................ 49

3.1 .- Principios Metodolóxicos ........................................................ 49

3.2 .- Agrupamento dos alumnos/as ................................................... 50

3.3 .- Organización dos espazos ....................................................... 51

3.4 .- Organización do tempo ........................................................... 52

3.5 .- Selección de materiais e recursos. ............................................ 53

3.6 .- Organización en caso de clases non presenciais .......................... 55

4.-AVALIACIÓN ........................................................................... 56

4.1 .- Avaliación do proceso de aprendizaje dos alumnos/as .................. 56

4.2 .- Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente .................. 57

4.3 .- Mínimos exisibles para obter unha avaliación positiva ................... 59

5.-ATENCIÓN Á DIVERSIDADE ....................................................... 58

5.1 .- Avaliación do nivel de competencia curricular dos alumnos/as ......... 59

5.2 .- Avaliación do desenvolvemento madurativo .................................. 60

5.3 .- Avaliación do estilo de aprendizaxe ............................................ 60

5.4 .- Medidas de Atención á diversidade ............................................. 61

6.-EDUCACIÓN EN VALORES .......................................................... 62

7.-CONTRIBUCIÓN DE *COMPETENCIAS* ......……………………………………………….. 64

8.-RELACIÓN FAMILIA – ESCOLA........................................................................... 65

9.-*PERÍODO DE ADAPTACIÓN* ……....…………………………………………….….... 66
9.1 .- Obxectivos ..................................................................................... 66
9.2 .- Actividades ..................................................................................... 66
9.3 .- Metodoloxía ..................................................................................... 67
9.4 .- Criterios de avaliación do proceso ..................................................... 67

10.-*PLAN DE CONVIVENCIA* ........................................................................... 67

11.-*ESPECIALIDADES (ACTUACIÓN EDUCATIVA)* ..................................................... 67
11.1.- Informática – Plan TIC 67
11.2.- Lóxica-Matemática 69
11.3.- Animación a lectura 70
11.4.- Lingua extranxeira 71
11.5.- Relixión e Alternativa 73

12.-ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES ................................. 75

## ***1.- CONTEXTUALIZACIÓN .-***

## ***1.1.- CARACTERÍSTICAS DA ZONA.-***

O Colexio de Educación Infantil e Primaria "A Xunqueira-1" está ubicado na zona da cidade denominada A Xunqueira.

As características do seu contorno que poidesen exercer unha maior influenza no desenvolvemento da educación e do ensino, é que hai que ter en conta á hora de facer a programación curricular son as seguintes:

- Alumnos/as que proceden da propia cidade e un importante continxente de poboación rural.
- Contorno sociocultural e económico: Medio e medio-baixo.
- Profesións das familias: comerciantes, industrias, empregados do comercio, funcionarios e obreiros na súa maior parte.
- Con transporte escolar: un tercio dos alumnos aproximadamente.
- Nivel de disciplina e convivencia: regular, tirando a boa. Sempre se pode e debe mellorar.
- Asistencia: alta e con regularidade, salvo algúns casos de absentismo. Intentaremos mellorar o problema da puntualidade, en parte debido ós problemas de tráfico e accesos da zona, e en parte ás familias.

Referente ao Transporte Escolar, este Colexio ten asinadas 3 rutas, parte delas cun percorrido na zona céntrica da cidade e outras que recolle alumnado das zonas periféricas e, incluso da zona rural. Deste xeito, unha boa parte do alumnado que chega ao Centro fai uso do transporte; este realízase coas empresas MONBUS e Autocares RÍAS BAIXAS; outra parte do alumnado desprázanse peatonalmente dende os seus domicilios ata ó colexio, e outros trasládanos as súas familias.

## ***1.2.- CARACTERÍSTICAS DO CENTRO .-***

A base lexislativa desta programación atopámola no *Decreto 330/2009* do 4 de xuño polo que se establece o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

A xornada escolar desenvólvese en sesión única de mañá de 5 horas lectivas, comezando ás 9 horas e rematando ás 14 horas. As sesións son de 50 minutos, agás o recreo que é de 25 minutos ao que se lle engade a hora de ler de 20 minutos, se as condicións climáticas o permiten.

As instalacións do Centro están situadas da seguinte maneira:

- Educación Infantil 1 aula de 4º de EI e 5º de EI nun edificio anexo ao principal situado no patio de recreo.
- Educación Infantil 6º de EI, Educación Primaria, Pedagoxía Terapéutica, Audición e Linguaxe e o Departamento de Orientación no edificio principal, distribuídas en: planta baixa, 1º andar, 2º andar e 3º andar. O ximnasio e o salón de actos atópanse na planta baixa.
- Os patios de recreo rodean ós dous edificios, delimitados estes cunha reixa a carón das rúas

Alexandre Bóveda e Celso Emilio Ferreiro, unha aramada na parte colindante co Instituto Xunqueira 1, e un muro que os separa da Escola Oficial de Idiomas e do CFR.

- Cada aula ten mesas e cadeiras segundo o número de alumnos, cós mobles que se precisan.
- Ademais das aulas, o centro conta con: biblioteca, aula de informática, salón de actos, ximnasio, dúas aulas de música, aulas de inglés, aula para relixión, aula para o departamento de orientación, aula de pedagoxía terapéutica, aula de audición e linguaxe, aula de novas tecnoloxías, aula para reunións de profesorado, aula para plástica, aula para o material de conserxería, aula para o material escolar, dúas dependencias para gardar o material de limpeza, unha dependencia para secretaría e arquivos, sá de dirección e xefatura.

Cumprindo así con todas as disposicións do Real Decreto 132/2010, de 12 de febreiro, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que imparten ensinos do segundo ciclo de Ed. Infantil, Ed. Primaria e Ed. Secundaria. Este centro ríxese polo Decreto 374/1996 de 17 de Outubro polo que se aproba o regulamento orgánico das escolas de Educación Infantil e dos Colexios de Educación Primaria.

## 1.3.- CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO

Este presente curso a educación Infantil conta con 45 alumnos e alumnas de idades comprendidas entre os 3 e os 6 anos.

Estes alumnos encóntranse no período preoperacional, onde Piaget distingue 2 tramos: Pensamento simbólico (2-4 anos) e pensamento intuitivo (4-7 anos). Os rasgos característicos deste pensamento son as que a continuación se describen.

- **PENSAMENTO SIMBÓLICO (2 - 4 ANOS)**

  - ÁMBITO COGNITIVO: Intelixencia práctica. Pensamento intuitivo ligado ó concreto. Intuicións simples. Egocentrismo. Percepción sincrética, capta as persoas e situacións de maneira global e centración inmediata en rasgos aislados que distorsionan o conxunto. Pensamento animista. Empleo da iuxtaposición como recurso sintáctico de forma repetitiva.

  - ÁMBITO MOTOR: Aumenta a soltura, harmonía e control de movementos, dominando carreira e parada, cada vez máis. Aínda que desenvolve movementos finos que requiren maior coordinación e precisión, ten dificultades para controlar e dominar o trazo, que irá mellorando. Coñecemento maior dos segmentos e elementos do seu propio corpo e identificación dos demáis.Localización das partes do corpo. Representa a figura humana. Identificación da propia imaxe. Manexo de nocións espaciais e temporais básicas.

  - ÁMBITO AFECTIVO SOCIAL: Relaciónase cada vez máis cos demáis, cos iguais no xogo, ainda que a veces xoga en paralelo, próximo físicamente pero independente, sen obxectivos

e regras comúns, para ir chegando a un xogo asociativo e aceptar algunhas normas. Negación e oposición son manifestacións de autonomía e independencia. Amósase cada vez máis sensible os sentimentos e emocións dos demáis. Maior presenza e desenvolvemento do xogo simbólico. Vai adquirindo maior independencia e seguridade.

➢ ÁMBITO LINGÜISTICO: Amplia o vocabulario. Mellora da pronunciación. Concédese maior atención ó significado que a forma nas mensaxes que emite. Mantén monólogos frecuentemente. Coñece o seu nome, idade e algúns datos familiares. Uso de artigos,pronomes persoais, preposicións e conxuncións. Emprega o tempo presente dos verbos correctamente, pero non así o pasado e futuro. Definición dos obxectos polo seu uso. Interese polos por qué e para qué. Conversa con persoaxes imaxinarias e se inicia na construcción dalgunhas oracións.

- **PENSAMENTO INTUITIVO (4 - 7 ANOS)**

➢ ÁMBITO COGNITIVO**:** Pensamento intuitivo, non na razón, pensamento prelóxico. Características: centración, irreversibilidade, estatismo, finalismo, iuxtaposición, egocentrismo, fenomenismo, artificismo, animismo e ausencia de conservación da cantidade.

➢ ÁMBITO MOTOR**:** Maduración na súa motricidade. Avance na motricidade grosa: control do tono, equilibrio, respiración, coordinación xeral de movementos e da motricidade fina; alcanza unha coordinación óculo-manual, avanza na súa motricidade fonética e xestual, interiorización do seu esquema corporal e desenvolvemento da lateralidade, identificación dos demáis. Localización das partes do corpo. Representa a figura humana. Identificación da propia imaxe. Manexo de nocións espaciais e temporais básicas.

➢ ÁMBITO AFECTIVO SOCIAL**:** Establece relacións cos seus iguais e adultos. Comeza a interiorizar normas e regras de comportamento, alcanzando aprendizaxes de hábitos e habilidades sociais, desenvolvendo a súa autonomía persoal. Comenza a ser cooperativo, realizando o xogo asociativo cos seus compañeiros e asume o xogo reglado simple coa axuda do adulto.

➢ ÁMBITO LINGÜISTICO**:** O repertorio fonético está completo. Duplícase o vocabulario cada ano, domina construccións sintácticas simples, usa pronomes de terceira persoa, comprende posesivos, mellora o uso de tempos verbais e a sintaxis é máis complexa.

➢ ÁMBITO AFECTIVO**:** Independencia da figura de apego. Autoafirmación da súa personalidade, desenvolvendo a autoestima e o autoconcepto. Interioriza a identidade sexual e de xénero. Clasificación de pertenza a un sexo ou outro por rasgos externos.

*A distribución do alumnado* nas aulas é a seguinte:

- 4º EI: 14 alumnos/as. Títora: María Covela Rúa
- 5º EI: 15 alumnos/as. Titora: María Isabel Durán Tenorio
- 6º EI: 17 alumnos/as. Titora: Margarita Carral Pol

Forman ademais parte do Equipo de Infantil a mestra de apoio: Mayra Ferrer Sierra, xunto coa especialista de Audición e Linguaxe Vanesa Espiñeira Otero, que actualmente esta de baixa, a mestra sustituta é Cristina Hervello Álvarez, coa orientadora do centro Mª Teresa Abilleira.

A coordinación de Infantil corre a cargo da mestra María Covela Rúa.

En canto a lingua vehicular das aulas, esta será o castelán por ser o idioma predominante entre o alumnado. Teremos en conta a lingua ambiental coidando de que progresivamente, vaian adquirindo o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia, dentro dos límites propios da etapa, tal e como dispón o **Decreto 79/2010**, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, polo que se regula o uso e a promoción do galego no Sistema educativo, e polo que se desenvolve o establecido na Lei 3/1983 de Normalización Lingüística.

Os alumnos/as tamén contarán con especialista de Inglés, a mestra Lucía Abilleira, como se establece na **Orde do 25 de xuño de 2009** e de Relixión (Decreto 235/1995 do 20 de xullo) ou actividades de estudio alternativas (establecidas na Orde do 4 de outubro de 1995), para os que non opten por relixión, impartidas pola titora.

A mestra de apoio ademáis de apoio na aula coas titoras impartirá Tics, Animación a lectura e Lóxica-matemática. Ademáis terán Psicomotricidade impartida pola mestra de Educación Física Laura Lomba González e Relixión pola mestra Dolores Camba Rivas.

Os pais ou titores legais dos alumnos/as non mostran problema en traballar conxuntamente coas mestras de infantil e a actitude que amosan ó colexio é boa, ofrecendo na medida dos seus posibles, participar, colaborar e axudar.

Deste xeito, intentaremos implicalos no proceso de ensino-aprendizaxe, tentando que haxa un dialógo e intercambio de información fluído e unha coordinación e colaboración entre a escola e a familia có fin de acadar un desenvolvemento integral dos nenos e das nenas.

## *2.- OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E COMPETENCIAS BÁSICAS DO SEGUNDO CICLO DA EDUCACIÓN INFANTIL .-*

### 2.1.- OBXECTIVOS XERAIS DA EDUCACIÓN INFANTIL .-

1. Descubrir e construir, a través da acción, o coñecemento do seu propio corpo e o dos outros, as súas posibilidades de acción, actuar con seguridade e aprender a respectar as diferenzas.
2. Construír a súa identidade e ir formándose unha imaxe propia positiva e axustada e desenvolver as súas capacidades afectivas tomando gradualmente conciencia das súas emocións e sentimentos a través do coñecemento e valoración das características propias, as súas posibilidades e límites.
3. Adquirir progresivamente autonomía na realización das súas actividades habituais e na práctica de hábitos básicos de saúde e benestar e promove-la súa capacidade de iniciativa.
4. Adquirir hábitos de hixiene, alimentación, vestido, descanso e protección.
5. Observar e explora-lo seu medio físico, social e cultural, xerando interpretacións dalgúns fenómenos e feitos significativos para coñecer e comprender a realidade e participar nela de forma activa.
6. Establecer relacións positivas e satisfactorias cos seus iguais e cos adultos, tendo en conta as emocións, sentimentos e puntos de vista dos demais, adquirindo as pautas elementais de convivencia e relación social, respectando as diferenzas e exercitándose na resolución pacífica dos conflitos.
7. Desenvolver habilidades comunicativas a través de diferentes linguaxes, incluída a lingua estranxeira, e formas de expresión a través do movemento, o xesto e o ritmo.
8. Utiliza-la linguaxe oral de forma cada vez máis adecuada ás diferentes situacións de comunicación para comprender e ser comprendidos polos outros.
9. Iniciarse nas ferramentas lóxico-matemáticas e nas tecnoloxías da información e da comunicación.
10. Aproximarse á lectura e á escritura en situacións da vida cotiá a través de textos de uso social, valorando a linguaxe escrita como instrumento de comunicación, representación e goce.
11. Coñecer e participar nalgunhas manifestacións culturais e artísticas do seu contorno, tendo en conta a súa diversidade e desenvolvendo actitudes de interese, aprecio e respecto cara á cultura e a pluralidade cultural.

### 2.2.- ÁREA DE COÑECEMENTO DE SI MESMO/A E AUTONOMÍA PERSOAL.-

#### 2.2.1. OBXECTIVOS

1. Formarse unha imaxe axustada e positiva de si mesmo/a a través da interacción cos outros e da identificación gradual das propias características, posibilidades e limitacións, desenvolvendo sentimentos de autoestima e autonomía persoal.

2. Coñecer e representa-lo seu corpo, os seus elementos e algunhas das súas funcións, descubrindo as posibilidades de acción e de expresión, e coordinando e controlando cada vez con maior precisión xestos e movementos.
3. Identifica-los propios sentimentos, emocións, necesidades ou preferencias, e ser quen de denominalos, expresalos e comunicárllelos ós demais, identificando e respectando, tamén, os dos outros.
4. Realizar, de xeito cada vez máis autónomo, actividades habituais e tarefas sinxelas para resolver problemas da vida cotiá, aumentando o sentimento de autoconfianza e a capacidade de iniciativa, e desenvolvendo estratexias para establece-las súas necesidades básicas.
5. Progresar na adquisición de hábitos e actitudes relacionados coa seguridade, coa hixiene e co fortalecemento da saúde, apreciando e gozando das situacións cotiás de equilibrio e benestar emocional.

### 2.2.2. CONTIDOS

**O corpo e a propia imaxe**

- Imaxe global do corpo humano.
- O esquema corporal.
- Segmentos e elementos constitutivos do corpo.
- Necesidades básicas do corpo.
- Características diferenciais do propio corpo respecto ó dos outros.
- Os sentidos: o seu uso e función.
- Sentimentos e emocións propios e dos outros e a súa expresión corporal.
- As referencias espaciais en relación co propio corpo.
- Exploración das características globais e segmentarias do propio corpo.
- Identificación de diferenzas e semellanzas cos outros.
- Percepción dos cambios físicos propios e dos outros e saber relacionalos co paso do tempo.
- Identificación, manifestación, regulación e control das necesidades corporais básicas en situacións habituais e ocasionais.
- Utilización dos sentidos como medio de exploración do corpo e da realidade exterior.
- Identificación e percepción das sensacións que se obteñen do propio corpo.
- Regulación e control progresivo de sentimentos e emocións.
- Aceptación e valoración axustada e positiva de si mesmo/a, das posibilidades e limitacións propias.
- Valoración positiva e respecto polas diferenzas.
- Valoración positiva de si mesmo/a aceptación das propias posibilidades e limitacións.
- Actitude de aceptación das características e das diferenzas entre as persoas evitando comportamentos discriminatorios.
- Actitude positiva ante as manifestacións de afecto dos outros.
- Confianza na propia capacidade para realizar actividade.

**Xogo e movemento**

- Posibilidades e limitacións motrices do corpo e dos seus segmentos.
- Movementos combinados.
- Habilidades motrices de carácter fino.
- Posturas e contrastes posturais.
- Control postural.
- Posturas axeitadas.
- Xogo simbólico e xogo regulado.
- Nocións básicas de orientación e coordinación de movementos.
- Descubrimento e desenvolvemento das posibilidades motrices do seu corpo en situacións e actividades cotiás.
- Exploración das posibilidades e limitacións perceptivas, motrices e expresivas propias e dos demais.
- Progresivo control do ton, do equilibrio e da respiración.
- Situación e desprazamentos no espazo real.
- Adaptación tónico-postural ás diversas accións, ós xogos e ás situacións.
- Esforzo persoal nos xogos e no exercicio físico.
- Comprensión e aceptación das regras dos xogos.
- Reprodución de posturas co corpo.
- Coordinación e control do movemento do corpo e das súas partes.
- Utilización correcta de pequenos aparatos e obxectos: punzóns, tesoiras, lapis…
- Coordinación e control de habilidades manipulativas de carácter fino.
- Confianza nas súas posibilidades motrices.
- Gusto polo xogo.
- Satisfacción polo crecente dominio corporal.
- Aceptación das regras que rexen os xogos.
- Interese e iniciativa pola adquisición de novas habilidades.
- Actitude de axuda e colaboración cos outros nenos e coas outras nenas.
- Gusto pola actividade física e pola precisión de movementos.

**A actividade e a vida cotiá**

- As distintas actividades cotiás: de xogo, domésticas, de cumprimento de rutinas, de colaboración e os seus requirimentos.
- Normas de relación e convivencia nos diferentes contextos.
- Hábitos elementais de organización, constancia, atención, iniciativa e esforzo.
- Habilidades para a interacción e a colaboración.

- Planificación de accións secuenciadas para resolver situacións lúdicas ou cotiás.
- Adecuación do comportamento ás distintas situacións da actividade cotiá.
- Conciencia da propia competencia na resolución das diferentes tarefas da vida cotiá.
- Aceptación das propias posibilidades e limitacións na realización das actividades da vida cotiá.
- Coordinación e colaboración cos outros. Deste xeito, ofrécenlles e solicítanlles axuda deles nos diversos momentos de actividade.
- Percepción das pautas de comportamento e das normas básicas dos diversos contextos cos que se relaciona.
- Colaboración no establecemento dalgunhas normas no ámbito familiar e escolar.
- Participación na resolución dos conflitos que se presentan no ámbito escolar e na utilización do diálogo como forma de resolvelos.
- Iniciativa e autonomía nas distintas actividades cotiás.
- Satisfacción pola realización de tarefas.
- Gusto polo traballo ben feito por un mesmo/a e polos demais.
- Valoración e aceptación das normas establecidas nos diferentes contextos.
- Actitude de compartir, escoitar, esperar, atender…
- Actitude positiva para establecer relacións de afecto coas persoas adultas e cos iguais.
- Actitude de colaboración e solidariedade; descéntrase do propio punto de vista e ten en conta o dos outros.

**O coidado persoal e a saúde**

- Hábitos saudables: hixiene corporal, alimentación e descanso.
- Accións que favorecen a saúde e xeran benestar propio e dos demais.
- A enfermidade: prevención.
- Seguridade persoal.
- Coidado e orde no medio próximo.
- Limpeza das distintas partes do corpo e emprego adecuado dos espazos e materiais.
- Aplicación dos hábitos de hixiene corporal.
- Colaboración no mantemento da orde e da limpeza do medio onde se desenvolven as actividades cotiás.
- Colaboración nas actividades relacionadas coa alimentación ou co descanso.
- Petición e aceptación de axuda nas situacións que o requiran.
- Utilización axeitada dos útiles necesarios para comer.
- Aceptación das normas establecidas durante as comidas, os desprazamentos, o descanso e a hixiene.
- Adopción de comportamentos de prevención e seguridade en situacións habituais.
- Coidado e precaución ante obxectos e situacións que poden resultar perigosos.
- Identificación e valoración crítica ante factores e prácticas sociais cotiás que favorecen ou non a saúde.

- Gusto e gozo co aspecto persoal pulcro e coidado.
- Aceptación das normas relacionadas cos hábitos de hixiene, alimentación, descansos e desprazamentos.
- Gusto por desenvolver actividades en ambientes limpos e ordenados.
- Actitude de tranquilidade e colaboración en situacións de enfermidade e accidentes.

### 2.2.3 CONTRIBUCIÓN ÁS COMPETENCIAS

- **Competencia en comunicación lingüística**

- Expresar en voz alta opinións persoais.
- Saber dialogar sobre os diferentes temas e formar progresivamente xuízos críticos.
- Saber expresar ideas, sentimentos, emocións, necesidades, vivencias e opinións, e aceptar e realizar críticas con sentido construtivo.
- Ser capaces de situarse no lugar dos outros, de escoitar e ter en conta opinións, desexos, necesidades e intereses diferentes dos propios con sensibilidade e sentido crítico.
- Desenvolver a autoestima e a confianza en sí mesmo/a.

- **Competencia matemática**

- Comezar a aplicar operacións matemáticas para resolver problemas cotiáns amosando seguridade e confianza nas capacidades propias.
- Aprender a actuar, a reaccionar e a tomar decisións en situacións diversas.

- **Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico**

- Aprender a desenvolverse axeitadamente con autonomía progresiva e iniciativa persoal nos diferentes ámbitos da vida.
- Interactuar co medio próximo resolvendo problemas.
- Desenvolver actitudes de responsabilidade e respecto cara ós demais e cara a un mesmo/a.
- Localizar e orientarse en espazos cotiáns.
- Desenvolver estratexias que lle permitan protexe-la saúde individual e colectiva.

- **Tratamento da información e competencia dixital**

- Adquirir ós coñecementos, as habilidades, e as destrezas básicas necesarias para a utilización do equipamento informático dispoñible na aula, no centro ou no fogar (acendido e apagado do ordenador, manexo do rato...).
- Ser capaces de buscar, procesar e comunicar información transformándoa en coñecemento.
- Comprende-la información integrándoa progresivamente nos esquemas previos de coñecemento.
- Saber aproveita-la información que facilitan as novas tecnoloxías, aprendendo con elas.
- Adquirir progresivamente habilidades que lle permitan razoar, organizar, relacionar, analizar e sintetizar dunha maneira adaptada á súa idade.
- Aprecia-las posibilidades que lle ofrecen as novas tecnoloxías da información e da

comunicación.

- **Competencia social e cidadá**

- Aprender a tolera-la frustración en diferentes situacións de xogos e da vida cotiá.
- Coñecerse a si mesmo/a amosando unha actitude positiva ante a vida e intentado previ-los pequenos problemas da vida cotiá.
- Ser capaz de poñerse no lugar do outro, de acepta-las diferenzas, as crenzas, as culturas e a historia persoal e colectiva dos demais.
- Desenvolve-las habilidades necesarias para traballar en equipo amosándose sempre tolerante coas opinións das súas compañeiras e compañeiros, aceptando que os demais teñen os seus propios puntos de vista.
- Aprender a responsabilizarse ante as consecuencias das propias decisións.
- Tomar decisións con progresiva autonomía.
- Aprender a coñecerse, a valorarse e a desenvolverse nos diferentes contextos.
- Desenvolver progresivamente habilidades que lle permitan participar activa e plenamente na vida social.

- **Competencia cultural e artística**

- Ser capaces de emocionarse e de sentir ante as manifestacións e producións culturais.
- Aprender a utiliza-lo lecer de forma activa desenvolvendo valores de esforzo persoal solidarios.

- **Competencia para aprender a aprender**

- Aprender a resolve-los pequenos problemas que se susciten na súa vida cotiá, desenvolvéndose de xeito cada vez máis autónomo.
- Iniciarse na aprendizaxe de diferentes destrezas e coñecemento sendo capaz de continualo de xeito progresivamente autónomo.
- Coñecer diversas formas para resolver un determinado problema escollendo o medio máis axeitado.
- Desenvolver progresivamente habilidades para recoller información e transformala en coñecemento.
- Aprender a aplica-los novos coñecementos que adquire en diferentes situacións.
- Desenvolver progresivamente hábitos de constancia e de esforzo persoal.
- Aprender a desenvolverse ante as incertezas buscando respostas adecuadas á súa idade.
- Sentir o desexo e a curiosidade por aprender.
- Coñecer e valorar, progresivamente, as posibilidades e as limitacións persoais, aceptando os erros e equivocacións e aprendendo a superarse.
- Ter confianza nas propias posibilidades.
- Ser capaz de acepta-los pequenos erros.
- Aumentar progresivamente a seguridade para afrontar novos retos.

- Coñece-las cousas que pode facer por si mesmo/a e as que pode facer con axuda dos demais.
- Pedir axuda cando non poida realizar determinadas accións por si mesmo/a.
- Basearse no que xa aprenderon para poder adquirir novos coñecementos.
- Desenvolver progresivamente a atención, a concentración, a memoria e a expresión.
- Desenvolver estratexias que favorezan o desenvolvemento da atención, a concentración, a memorización e a resolución de problemas.
- Desenvolver progresivamente formas persoais de aprender.

.

- **Autonomía e iniciativa persoal**

- Ter iniciativa e criterio propio para desenvolverse de xeito cada vez máis autónomo na vida cotiá.
- Controla-lo ton, a postura, o equilibrio e a respiración.
- Coordina-los seus movementos nos seus desprazamentos, marcha, carreira, saltos, nas actividades manipulativas de motricidade fina.
- Ser responsable ante as decisións persoais sendo consecuente con elas.
- Desenvolver valores persoais: dignidade, liberdade, autoestima, seguridade en si mesmo/a, capacidade para enfrontarse ós problemas, perseveranza, responsabilidade, autocrítica, iniciativa, creatividade...
- Desenvolver progresivamente a capacidade que lle permita saber elixir.
- Ser capaz de formularse obxectivos, de elaborar ideas e buscar solucións ante os problemas que se suscitan.
- Adquirir progresivamente unha serie de valores: responsabilidade, perseveranza, coñecemento de si mesmo/a, autoestima, creatividade, control emocional, saber afronta-los problemas, aprender dos erros...
- Desenvolver habilidades sociais que lle permitan relacionarse, cooperar e traballar en equipo: respecto polas ideas dos demais, capacidade de diálogo e traballo cooperativo, poñerse no lugar do outro, valora-las ideas dos demais...
- Adquirir as destrezas necesarias para detectar necesidades e buscar solucións con creatividade.
- Amosarse seguro da súa propia eficacia á hora de manexar útiles, de contribuír nas rutinas cotiás de alimentación, aseo, descanso e vestido e de abordar novas tarefas, asumindo pequenos riscos que poida controlar.

- **Competencia emocional**

- Manifestar afecto cara ós demais e asumir o das persoas que o rodean.
- Tolera-la frustración de non obter o que quere.
- Desenvolver valores persoais como a autoestima.
- Desenvolver progresivamente o autoconcepto mediante relacións positivas e comprometidas cos demais.
- Interesarse polos problemas das súas compañeiras e compañeiros.
- Comezar a construír confianza en si mesmo/a.
- Contribuír, dende o respecto, a unha convivencia adecuada en situacións de xogo.

- Adaptarse á rutina da vida escolar.
- Identifica-las emocións propias e ser capaz de comprender as dos demais.
- Expresar diferentes emocións: alegría, tristeza, enfado, coraxe, entusiasmo, pracer...
- Desenvolver habilidades sociais conducentes a fomenta-la sociabilidade e a convivencia: compartir, cooperar, participar, axudar, respectar, tolerar, aceptar…

### 2.2.4 SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS

## 4º DE EDUCACIÓN INFANTIL - 3 ANOS

| 1ºTRIMESTRE | 2º TRIMESTRE | 3º TRIMESTRE |
|---|---|---|
| • Sensacións e percepcións: frío, calor<br>• Valor: autoestima<br>• Sentimentos e emocións propias e dos demais: amor<br>• Orientación corporal: dentro/ fóra<br>• Control de movementos: rápido/lento<br>• Actividades da vida cotiá: recoller os xoguetes<br>• Actitude de precaución ante os instrumentos que teñen risco<br>• Pezas de vestir axeitadas á climatoloxía<br>• O corpo: elementos principais, partes da cara e órganos dos sentidos<br>• Función dos órganos dos sentidos<br>• Sabores: doce/salgado<br>• Características diferenciais do corpo: cor do pelo, sexo, tamaño…<br>• Identificación e expresión de sentimentos e emocións: enfado<br>• Movemento e equilibrio nos desprazamentos<br>• Orientación corporal: arriba/abaixo<br>• Regulación do seu comportamento na mesa<br>• Hixiene antes e despois das comidas<br>• A saúde: aceptación dos distintos tipos de alimentos<br>• Valoración da importancia do exercicio e a alimentación equilibrada para a saúde | • Sensacións e percepcións: duro/brando<br>• Actitudes de axuda os demais<br>• Identificación e expresión de sentimentos e emocións: a tristeza<br>• Posturas do corpo: equilibrio nos cambios de dirección<br>• Coordinación corporal<br>• Orientación corporal: diante/detrás<br>• Coidado dos espazos comúns: uso das papeleiras. Accións para evitar accidentes: circulación correcta pola beirarrúa<br>• Normas de seguridade viaria<br>• Sensacións e percepcións: liso/rugosos. Expresión de sentimentos e emocións propias e dos demais: medo.<br>• Movementos e equilibrios nos desprazamentos: rápido/lento<br>• Desprazamentos de distintas formas<br>• Control tónico do corpo<br>• Relaxación: tacto<br>• Situación corporal: preto/lonxe<br>• Normas de relación e convivencia: respecto e coidado de animais e plantas<br>• Precaución ante contacto con certos animais e plantas | • Emocións: a vergonza<br>• Orientación espacial: encima, debaixo<br>• Coordinación dinámica xeral: desprazamentos de distintas maneiras, desprazamentos de obstáculos<br>• Control tónico do corpo<br>• Respiración: control<br>• Comportamento axeitado nos transportes públicos: respecto polos asentos reservados<br>• Regulación do seu comportamento dentro do coche<br>• Importancia e fomento da amizade<br>• Comportamento axeitado no coche: sentar correctamente, uso do cinto de seguridade<br>• Medida de seguridade viaria: mirar ao cruzar a rúa, respectar os pasos de peóns<br>• Sensacións e percepcións: seco/mollado<br>• Identificación e expresión de sentimentos e emocións en si mesmo e nos compañeiros: alegría<br>• Aceptación e valoración axustada das propias posibilidades<br>• Orientación corporal: aberto/pechado<br>• Coordinación óculo-manual: coller e botar<br>• Coidado do contorno: non pisar as flores, uso das papeleiras<br>• Aforro de auga: non encher o vaso ata que reborde<br>• Colaboración para conseguir un fin<br>• Protección contra o Sol e hidratación |

## 5º DE EDUCACIÓN INFANTIL - 4 ANOS

| 1ºTRIMESTRE | 2º TRIMESTRE | 3º TRIMESTRE |
|---|---|---|
| • Valor: tolerancia<br>• Emoción: paciencia<br>• Movementos controlados<br>• Saltos cos pes xuntos<br>• Espazo e corpo: diante/detrás<br>• Colaboración en actividades domésticas: poñer e quitar a mesa<br>• Precaución ante os obxectos perigosos do ámbito doméstico<br>• Partes do corpo: segmentos e órganos dos sentidos<br>• Exploración e identificación das diferentes partes do corpo<br>• Os sentidos e as súas funcións<br>• Asociación das sensacións cos órganos a través dos que se perciben<br>• Descrición das súas características físicas e identificación das dos demais<br>• Cambios físicos co paso do tempo<br>• Control das emocións: medo<br>• Posturas do corpo e movemento: xiros e paradas<br>• Orientación corporal: preto, lonxe<br>• Axuda os compañeiros<br>• Colaboración cos demais nas tarefas<br>• Saúde: alimentos e hábitos de alimentación<br>• Valoración dunha dieta equilibrada<br>• Creación de hábitos alimenticios saudables<br>• Normas de hixiene: uso do pano, comer sen mancharse | • Valor: pedir perdón<br>• Sentimentos propios e dos demais: enfado<br>• Equilibrio estático e dinámico<br>• Movementos controlados: cara diante/cara atrás<br>• Orientación corporal: de fronte/de costas, encima/debaixo<br>• Normas e hábitos para lograr unha boa conservación dos espazos públicos: reciclaxe e contedores<br>• Normas elementais de seguridade viaria: precaución ao cruzar a rúa<br>• Valoración axustada dos factores de risco<br>• Valor: responsabilidade co medio natural<br>• Emoción: sorpresa<br>• Situacións e desprazamentos no espazo: a un lado/ao outro lado, arriba/abaixo, dentro/fóra<br>• Movementos coordinados, control na velocidade nos desprazamentos<br>• Xogos: participación na súa regulación, iniciativa<br>• Hábitos responsables do coidado de mascotas domésticas<br>• Hábitos de hixiene tras o contacto con animais | • Expresión de sentimentos e emocións: alegría<br>• Coordinación global e segmentaria<br>• Control do seu propio corpo nas actividades<br>• Orientación espacial co propio corpo: arredor de<br>• Normas e hábitos para lograr unha boa convivencia<br>• Valor: civismo<br>• Comportamentos axeitados nos transportes públicos<br>• Elementos de protección relacionados cos transportes: casco, xeonlleiras…<br>• Hábitos e normas de comportamento nos transportes públicos.<br>• Valor: a paciencia<br>• Expresión de sentimentos e emocións: desánimo. Psicomotricidade: equilibrio, coordinación dinámica xeral<br>• Afianzamento da lateralidade<br>• Orientación espacial co propio corpo: esquerda/dereita Coidado do contorno natural próximo: non tirar lixo. Protección do sol e hidratación |

## 6º DE EDUCACIÓN INFANTIL - 5 ANOS

| 1ºTRIMESTRE | 2º TRIMESTRE | 3º TRIMESTRE |
|---|---|---|
| • Sentimentos e emocións: arrepentimento<br>• Valoración positiva das características dos demais. Movementos controlados<br>• Desprazamentos gardando o equilibrio<br>• Control da respiración: inspiración, expiración<br>• Orientación corporal: dereita, esquerda. Orde e limpeza no fogar: recoller a roupa e pertenzas<br>• Normas que regulan a vida cotiá: reparto de tarefas<br>• Aceptación das normas de hixiene e limpeza<br>• Coidado da saúde: prendas axeitadas á climatoloxía<br>• Identificación sexual e localización de partes externas e internas do corpo<br>• O corpo: ósos e articulacións<br>• Sabores dos alimentos: doce, salgado e ácido<br>• Recoñecemento de emocións: a envexa<br>• Reflexión ante situacións: saber dicir que non. Direccionalidade có propio corpo nos xogos: cara un lado, cara o outro lado, arriba, abaixo, encima, debaixo, dentro, fóra...<br>• Orientación no espazo: preto pero non o máis próximo. Actividades da vida cotiá: emprego dos cubertos<br>• Accións e situacións que favorecen a saúde e xeran benestar propio e dos demais: actividade física e descanso<br>• Prevención e síntomas de enfermidades. | • Predominancia lateral: esquerda/dereita<br>• Sentimentos e emocións propias e dos demais: sorpresa e constancia. Direccións lanzando e collendo obxectos<br>• O corpo e o espazo: lonxe pero non o máis afastado. Coidado do mobiliario urbano<br>• Normas de convivencia: valoración positiva dos comportamentos cívicos. Identificación de situacións de perigo para aprender a evitalas<br>• Actitudes e comportamentos seguros na vía pública<br>• Recoñecemento e expresión de emocións: tristeza.<br>• Valor: xenerosidade. Coordinación dinámica xeral<br>• Formas de desprazamento: a gatas con patrón cruzado, reptando, sentado, saltando<br>• O corpo e o espazo: entre. Coidado do contorno natural: non arrincar as plantas, tirar o lixo ao contedor correspondente<br>• Asunción de responsabilidades no coidado de animais e plantas. Precaución na interacción con animais | • Recoñecemento e expresión de emocións: tristeza.<br>• Valor: xenerosidade. Coordinación dinámica xeral<br>• Formas de desprazamento: a gatas con patrón cruzado, reptando, sentado, saltando<br>• O corpo e o espazo: entre. Coidado do contorno natural: non arrincar as plantas, tirar o lixo ao contedor correspondente<br>• Asunción de responsabilidades no coidado de animais e plantas. Precaución na interacción con animais<br>• Recoñecemento da importancia de coidar o planeta<br>• Sentimentos e emocións propias e dos demais: a alegría<br>• Recoñecemento de expresións que revelan alegría. Movementos e deportes: ciclismo, fútbol e ximnasia<br>• Orientación espacial: no medio. Aforro de luz e auga<br>• Coidado do medio ambiente: tirar as pilas no seu contedor. Protección contra o sol e hidratación |

### 2.2.5 CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA ÁREA

-Dar mostra dun coñecemento progresivo do seu esquema corporal.

-Identificar e nomea-las diferentes partes do corpo.

-Situar espacialmente as distintas partes do corpo en relación a si mesmo/a e ós demais.

-Controlar progresivamente o seu corpo, global e sectorialmente.

-Progresar na adquisición de destrezas motoras e habilidades manipulativas.

-Utiliza-las posibilidades motrices, sensitivas e expresivas do propio corpo.

-Identifica-los sentidos e as principais sensacións asociadas a cada un deles.

-Confiar nas propias posibilidades.

-Respectar e acepta-las características dos demais.

-Mostrar actitudes de axuda e colaboración.

-Formar unha imaxe persoal positiva e axustada de si mesmo/a.

-Coñece-las súas propias posibilidades e limitacións.

-Realiza-las tarefas da vida cotiá con seguridade, confianza, iniciativa e autonomía progresiva.

-Valora-las actuacións propias e as dos demais.

-Participar nos xogos.

-Comprender e utilizar adecuadamente as normas que rexen os xogos.

-Progresar na coordinación e control das habilidades manipulativas de carácter fino.

-Expresar sentimentos e emocións.

-Comprender e interpreta-los sentimentos e emocións dos demais.

-Contribuír á convivencia.

-Adquirir hábitos de coidado persoal, hixiene, saúde e benestar.

-Controlar progresivamente as súas necesidades básicas.

-Colaborar na creación dun medio agradable e dun ambiente favorecedor de saúde e benestar.

## 2.3 ÁREA DE COÑECEMENTO DO MEDIO

### 2.3.1. OBXECTIVOS

1. Observar e explorar de forma activa o seu contorno amosando interese polo seu coñecemento.
2. Relacionarse cos compañeiros, compañeiras e cos adultos do seu contorno próximo, interiorizando progresivamente as pautas de comportamento social e axustando a súa conduta a elas.
3. Iniciarse no coñecemento de distintos grupos sociais próximos á súa experiencia, algunhas das súas características, producións culturais, valores e formas de vida, xerando actitudes de confianza, respecto e aprecio.
4. Iniciarse nas habilidades matemáticas, manipulando funcionalmente elementos e coleccións, identificando de maneira moi sinxela algúns dos seus atributos e calidades.
5. Coñecer e valorar algúns dos compoñentes básicos do medio natural e algunhas das súas reaccións, cambios e transformacións desenvolvendo, progresivamente, actitudes de coidado, respecto e responsabilidade na súa conservación.

### 2.3.2.CONTIDOS

**Medio físico: elementos, relacións e medida**

- Obxectos presentes no medio natural e social: pedra, produtos, algunhas ferramentas…
- Obxectos de uso cotián relacionados co aseo, co vestido e coa alimentación. O seu uso axeitado e convencional.
- Atributos sensoriais dos obxectos: cor, tamaño, sabor, son, plasticidade e dureza.
- Obxectos tecnolóxicos habituais que se utilizan nas actividades cotiás: ordenador, reprodutores musicais, encerado dixital, DVD, videoxogos…
- Algúns obxectos pouco frecuentes.
- Propiedades dos obxectos: cor, forma e tamaño.
- Relacións entre obxectos e coleccións.
- Cuantificadores: todo-nada, moito-pouco, máis que-menos que, ningún-varios, cheo-baleiro e igual que.
- A serie numérica: os 9 primeiros números.
- O número cardinal e o ordinal.
- Nocións básicas de medida: grande-mediano-pequeno, longo-curto, alto-baixo e pesado-lixeiro.
- Unidades de medida naturais e arbitrarias: man, pé, paso, táboas e algúns obxectos.
- Medidas temporais: moito anaco-pouco anaco, agora, logo, antes, despois, rápido-lento, día e semana.
- Formas planas: círculo, cadrado, triángulo e rectángulo.
- Nocións básicas de orientación e situación no espazo: arriba-abaixo, encima-debaixo, dentro-fóra, diante-detrás, preto-lonxe, pechado-aberto, xunto-separado e esquerda-dereita.
- Exploración de obxectos: percepción, manipulación e experimentación.

- Identificación das sensacións que produce a actividade con obxectos.
- Produción de cambios e transformacións sobre os obxectos, observando os resultados.
- Clasificación e agrupación de obxectos segundo as súas características, usos e funcións.
- Discriminación de formas, tamaños, cantidades, situacións espaciais, cores…, mediante a realización de xogos interactivos no ordenador.
- Utilización correcta dalgúns obxectos en relación co uso que teñen.
- Exploración das calidades sensoriais dos obxectos.
- Comparación e agrupación de obxectos, atendendo a atributos diversos.
- Aproximación á cuantificación de coleccións.
- Ordenación de obxectos atendendo ó grao de posesión dunha determinada calidade.
- Uso contextualizado dos primeiros números ordinais.
- Utilización do conteo como estratexia de estimación e uso dos números cardinais referidos a cantidades manexables.
- Verbalización do criterio de pertenza ou non pertenza a unha colección.
- Utilización axeitada dos cuantificadores.
- Utilización da serie numérica para contar elementos.
- Representación gráfica dos cardinais.
- Enumeración verbal dos ordinais.
- Resolución de problemas da vida cotiá que impliquen engadir, quitar e repartir.
- Identificación de formas planas e tridimensionais en elementos do medio.
- Exploración dalgúns corpos xeométricos elementais.
- Estimación intuitiva da duración de certas rutinas da vida cotiá en relación coa medida de tempo.
- Situación e localización de si mesmo/a e dos obxectos no espazo segundo as nocións básicas.
- Realización de desprazamentos orientados.
- Uso axeitado das nocións espaciais.
- Interese pola exploración e experimentación cos obxectos.
- Actitude de compartir xoguetes e obxectos do seu medio familiar e escolar.
- Respecto e coidado polos obxectos de uso individual e colectivo.
- Curiosidade por coñecer algúns obxectos tecnolóxicos habituais nas actividades cotiás.
- Actitude de coidado cara a algúns obxectos que poden resultar perigosos.
- Gusto pola exploración e comparación de obxectos.
- Apreciación da utilidade dos números para resolve-los problemas da vida cotiá.
- Curiosidade por descubrir a medida dos obxectos.
- Actitude de interese e observación ante a organización do espazo.
- Gozo coa actividade matemática.

**Achegamento á natureza**

- Características xerais dos seres vivos.
- Distintos tipos de seres vivos: semellanzas e diferenzas.
- Animais e plantas do medio.
- Cambios que se producen nos animais e nas plantas no curso do seu desenvolvemento.
- Animais e plantas en distintos medios.
- Utilidade e interdependencia entre animais, plantas e persoas.
- Fenómenos atmosféricos do medio natural: chuvia, vento, día, noite…
- Papel do home como conservador e repoboador do medio natural e a súa acción, en ocasións, depredadora do devandito medio.
- Produtos elaborados polo home a partir de materias primas procedentes de animais e plantas.
- Observación directa e sistemática dos elementos do medio natural.
- Observación das características e costumes dalgúns animais e dalgunhas plantas do seu medio.
- Observación e seguimento do ciclo vital dalgunha planta e dalgún animal, establecendo relacións co paso do tempo.
- Coidado de animais e plantas na aula.
- Clasificación de animais segundo as súas características: peteiro, plumas, pelo…
- Clasificación de animais: domésticos/salvaxes.
- Clasificación de animais segundo o medio no que viven.
- Comparación das características que presentan os seres vivos.
- Observación dos cambios producidos no desenvolvemento das plantas: crecemento…
- Formulación de conxecturas sobre as causas e consecuencias dalgúns fenómenos atmosféricos.
- Identificación das relacións entre animais e plantas e os produtos que nos proporcionan.
- Observación da relación de utilidade entre os animais, as plantas e as persoas.
- Observación das modificacións que se producen no medio natural co paso do tempo, o clima e a intervención humana.
- Contribución á conservación e ó mantemento de ambientes limpos, saudables e non contaminados.
- Interese por coñece-las características e funcións dos seres vivos.
- Valoración da importancia das plantas e dos animais para a vida das persoas.
- Respecto e coidado polos elementos do medio natural.
- Curiosidade e respecto cara ós animais e ás plantas do seu medio.
- Interese e gusto polas relacións cos elementos do medio natural: animais e plantas.
- Valoración dos ambientes limpos, non degradados nin contaminados.
- Gusto e gozo polas actividades realizadas en contacto coa natureza.
- Valoración da importancia da natureza para a saúde e o benestar.

**Cultura e vida en sociedade**

- A escola: como é, as súas dependencias, uso e funcións.
- Membros persoais: as súas funcións e ocupacións.
- A clase: distribución e emprego dos seus espazos, obxectos e mobiliario.
- A casa: distintos tipos de vivendas.
- A nosa casa: como é, onde está.
- Obxectos, dependencias, mobiliario: o seu uso e a súa función.
- Tarefas cotiás do fogar.
- A familia: os seus membros, relacións de parentesco, funcións e ocupacións.
- Distintos tipos de estrutura familiar.
- Lugar que ocupa na súa familia.
- Medio do neno e da nena: a rúa, o barrio.
- Elementos que forman o medio urbano e as súas características.
- Diferentes medios: paisaxe rural e paisaxe urbana.
- Elementos naturais do medio urbano e elementos construídos polo home.
- A actividade humana no medio: funcións, tarefas e oficios máis habituais.
- Servizos relacionados co consumo: produtos e establecementos.
- Distintos medios de transporte.
- Normas elementais de seguridade viaria.
- Algúns medios de comunicación: televisión, radio, prensa e teléfono.
- Lugares para divertirse e aprender: teatro, circo… As súas posibilidades.
- Tradicións, folclore e costumes da súa localidade.
- Formas sociais do tempo: días da semana, días laborais e festivos, onte, hoxe, mañá, as estacións…
- Actuación autónoma e adaptada ós diferentes grupos.
- Toma de conciencia da necesidade da existencia dos diferentes grupos sociais e valoración da súa importancia para a vida.
- Valoración das relacións afectivas que se establecen nos distintos grupos.
- Uso contextualizado das normas elementais de convivencia.
- Participación autónoma e responsable nas diferentes tarefas da vida cotiá tanto familiar coma escolar.
- Incorporación progresiva de pautas axeitadas de comportamento, disposición para compartir e para resolver conflitos cotiáns mediante o diálogo.
- Observación dos medios rural e urbano, dos seus elementos, das súas funcións e da súa utilidade.
- Descubrimento dos cambios producidos no medio pola actuación humana.
- Coidado do medio e colaboración no seu mantemento e na súa conservación.
- Recoñecemento das profesións máis habituais e próximas á nena e ó neno e a súa relación

cos distintos servizos públicos.

- Observación dos diferentes establecementos de consumo.
- Coñecemento dos distintos tipos de transporte e as súas características.
- Coñecemento e respecto das normas elementais de seguridade viaria.
- Atención ós coñecementos que nos transmiten os medios de comunicación.
- Percepción das formas sociais do tempo.
- Achegamento ós costumes e ó folclore característicos da súa localidade.
- Recoñecemento dalgúns sinais de identidade cultural do medio.
- Aceptación da propia situación familiar.
- Interese por participar na vida familiar e escolar.
- Interese e disposición favorable para establecer relacións respectuosas, afectivas e recíprocas con nenos e nenas doutras culturas.
- Valoración e aceptación das normas que rexen os grupos familiar e escolar.
- Respecto pola diversidade de sexos, roles, profesións, idades…
- Respecto e coidado polos espazos en que se desenvolven e polos obxectos presentes neles.
- Interese por coñece-las características do propio medio.
- Valoración e respecto cara a tódolos traballos desempeñados polas persoas.
- Valoración dos distintos servizos que nos ofrece a sociedade.
- Interese por coñece-los distintos medios de transporte e de comunicación.
- Aceptación das normas elementais de seguridade viaria.
- Desexos de participar en actividades sociais e culturais.

### 2.3.2. CONTRIBUCIÓN ÁS COMPETENCIAS

- **Competencia matemática**
  - Utilizar a linguaxe matemática en situacións da vida cotiá.
  - Empregar as matemáticas para comprender e interpretar o medio desenvolvendo unha opinión sobre este.
  - Ser capaz de coñecer o proceso que se seguiu e as solucións que se obtiveron na resolución de problemas.
  - Ser capaz de analizar, razoar e comunicar progresivamente as súas ideas de forma adaptada á idade.
  - Ser capaz de utilizar progresivamente o coñecemento que posúe para xerar novos coñecementos.
  - Realizar, progresivamente, estimacións dalgunhas magnitudes.
  - Realizar diferentes agrupacións e establecer relacións entre obxectos e situacións.
  - Utilizar de forma progresiva diferentes procedementos para solucionar situacións concretas.
  - Empregar a linguaxe matemática para expresar ideas.

- Utilizar métodos elementais para calcular distancias.
- Emprega-lo coñecemento das formas e figuras xeométricas para describir e resolver situacións cotiás que o requiran.
- Comezar a identificar e utiliza-los cuantificadores básicos de cantidade, tamaño, espaciais, temporais..., os números.

- **Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico**
  - Comprende-la relación de utilidade que se establece entre mulleres e homes e o resto dos seres vivos.
  - Coñecer os cambios que a actividade humana pode producir no medio.
  - Observar a natureza e interactuar con ela.
  - Iniciarse na comprensión dos sucesos que acontecen no medio e ser capaces de predicir progresivamente algunhas consecuencias.
  - Aprender a observa-lo medio físico.
  - Percibir e coñece-lo espazo físico no que desenvolve a súa actividade cotiá.
  - Desenvolve-la capacidade para lograr unha vida saudable nun medio saudable.
  - Ser capaces de comprender e interpretar progresivamente a vida e o mundo físico.
  - Interactuar có medio próximo resolvendo problemas.
  - Aprender a utilizar responsablemente os recursos naturais.
  - Aprender a coida-lo medio.
  - Desenvolver hábitos de consumo racional e responsable.
  - Coñece-la influencia que teñen os avances científicos e tecnolóxicos sobre o medio, a saúde e a calidade de vida.
  - Comezar a desenvolve-lo pensamento científico-técnico.
  - Formular preguntas, razoar sobre os fenómenos que se producen no medio.
  - Situarse no tempo.
  - Identificar e definir pola súa utilidade os elementos representativos da realidade máis próxima: grupos sociais, profesionais, elementos urbanos e naturais, animais, medios de comunicación e transporte, manifestacións culturais e artísticas.
  - Desenvolver estratexias que lle permitan protexe-la saúde individual e colectiva.

- **Tratamento da información e competencia dixital**
  - Ser capaces de buscar, procesar e comunicar información transformándoa en coñecemento.
  - Comprende-la información integrándoa progresivamente nos esquemas previos de coñecemento.
  - Ser capaz de comunica-la información e os coñecementos adquiridos empregando diversos recursos, soportes e técnicas.
  - Saber aproveita-la información que facilitan as novas tecnoloxías, aprendendo con elas.
  - Adquirir progresivamente habilidades que lle permitan razoar, organizar, relacionar, analizar e sintetizar dunha maneira adaptada á súa idade.

- Aprecia-las posibilidades que lle ofrecen as novas tecnoloxías da información e da comunicación.

- **Competencia para aprender a aprender**
  - Iniciarse na aprendizaxe de diferentes destrezas e coñecemento sendo capaz de continualo de xeito progresivamente autónomo.
  - Coñecer diversas formas para resolver un determinado problema escollendo o medio máis axeitado.
  - Desenvolver progresivamente habilidades para recoller información e transformala en coñecemento.
  - Aprender a aplica-los novos coñecementos que adquire en diferentes situacións.
  - Sentir o desexo e a curiosidade por aprender.
  - Basearse no que xa aprenderon para poder adquirir novos coñecementos.
  - Desenvolver progresivamente a atención, a concentración, a memoria e a expresión.
  - Aplica-lo que aprenderon en diferentes contextos e situacións.
  - Desenvolver estratexias que favorezan o desenvolvemento da atención, a concentración, a memorización e a resolución de problemas.
  - Aprender a explorar e a manipular obxectos e situacións.
  - Desenvolver progresivamente formas persoais de aprender.
  - Aprender a emprega-la observación, a manipulación e a exploración para coñecer mellor o mundo que o rodea.
  - Organiza-la información de acordo coas súas calidades e categorías.
  - Establecer relacións sinxelas de causa e efecto en función das consecuencias.
  - Aplica-lo que aprenderon en diferentes contextos e situacións..
  - Aprender a explorar e a manipular obxectos e situacións.
  - Aprender a emprega-la observación, a manipulación e a exploración para coñecer mellor o mundo que o rodea.
  - Organiza-la información de acordo coas súas calidades e categorías.
  - Establecer relacións sinxelas de causa e efecto en función das consecuencias.

- **Competencia social e cidadá**
  - Saber relacionarse querendo ampliar o círculo de amizades e de coñecidos.
  - Saber convivir cos demais e vivir nunha sociedade plural e diversa.
  - Comprender progresivamente a realidade social do mundo no que vive.
  - Aprender a exercita-la cidadanía democrática nunha sociedade plural.
  - Desenvolve-las habilidades necesarias para traballar en equipo amosándose sempre tolerante coas opinións das súas compañeiras e compañeiros, aceptando que os demais teñen os seus propios puntos de vista.
  - Desenvolver hábitos de comportamento adecuados e adaptados ós diversos contextos sociais nos que se desenvolve..

- Iniciarse na comprensión da achega das diferentes culturas no progreso da humanidade.
- Resolve-los pequenos problemas de convivencia que se susciten dun xeito construtivo empregando o diálogo como medio para soluciona-los conflitos.
- Acepta-las normas de convivencia dos diferentes grupos cos que se relaciona.
- Desenvolver progresivamente habilidades que lle permitan participar activa e plenamente na vida social.
- Comezar a asumir os valores democráticos, os deberes, as obrigacións e os dereitos.
- Coñece-lo patrimonio artístico e cultural do lugar ó que pertence, aprendendo a valoralo e a respectalo.
- Aprender a convivir nunha sociedade cada vez máis plural compartindo, participando, colaborando, tolerando e aceptando as diferenzas individuais debidas a diversos motivos.
- Rexeita-la desigualdade valorando, ós poucos, a diversidade como medio para o enriquecemento persoal e social

### 2.3.4 SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS

## 4º de educación infantil - 3 anos

| 1º TRIMESTRE | 2º TRIMESTRE | 3º TRIMESTRE |
|---|---|---|
| • Atributo de cor: vermello<br>• Cantidade e grafía número 1<br>• Cuantificadores: un/moitos<br>• Texturas e calidades: frío/quente<br>• Orientación espacial: dentro/fóra<br>• Forma circular<br>• Cambios producidos no contorno pola climatoloxía: o outono<br>• A familia: papá, mamá, irmáns, avós<br>• Lugar que se ocupa na familia<br>• Actividades en familia<br>• Identificación de profesións dos membros do ámbito familiar<br>• Obxectos da casa segundo a dependencia<br>• Dependencias dunha casa: salón, dormitorio, aseo, baño, cociña. Día especial: Día das persoas maiores.<br>• Hixiene antes e despois das comidas<br>• A saúde: aceptación dos distintos tipos de alimentos<br>• Valoración da importancia do exercicio e a alimentación equilibrada para a saúde<br>• Pezas de vestir axeitadas á climatoloxía. Atributo de cor: azul<br>• Cantidade e grafía do número: un<br>• Cuantificadores: moitos/poucos<br>• Tamaño: grande/pequeno<br>• Nocións espaciais: arriba/abaixo<br>• Texturas: doce/salgado<br>• Figura plana: círculo<br>• Seriación de dúas cores<br>• Procedencia animal ou vexetal dos alimentos<br>• Tipos de alimentos: froita, verdura, peixe e carne<br>• Profesións e instrumentos<br>• Festas do contorno: Nadal<br>• Días especiais: Día dos dereitos da infancia; Día da Constitución | • Atributo de cor: amarelo<br>• Cantidade e grafía do número: dous<br>• Cuantificadores: todo/nada<br>• Tamaño: o máis grande<br>• Texturas: duro/brando<br>• Nocións espaciais: diante/detrás<br>• Figura plana: cadrado<br>• Cambios producidos no contorno pola climatoloxía: o inverno<br>• Elementos da rúa de seguridade viaria<br>• Servizos e tendas do barrio<br>• O parque<br>• A tenda<br>• Día especial: Día da paz; Día do amor e da amizade<br>• Atributo de cor: verde<br>• Cantidade e grafía do número: dous<br>• Medidas de lonxitude: alto/baixo<br>• Nocións de velocidade: rápido/lento<br>• Ordinais: primeiro/último<br>• Nocións espaciais: preto/lonxe<br>• Texturas: liso/rugoso<br>• Figura plana: cadrado<br>• Seriación de dúas cores. Animais salvaxes e domésticos<br>• Características externas e forma de desprazamento dos animais<br>• Plantas silvestres e cultivadas<br>• Coidados e beneficios dos animais e as plantas<br>• Importancia da auga na natureza<br>• Profesións e instrumentos: granxeiro, agricultor. Festas do contorno: Entroido<br>• Días especiais: Día da muller. | • Atributo de cor: laranxa<br>• Cantidade e grafía do número: tres<br>• Medida de lonxitude: longo/curto<br>• Medida de capacidade: cheo/baleiro<br>• Nocións espaciais: encima/debaixo<br>• Forma: triangular<br>• Seriación de dúas formas. Cambios estacionais no contorno natural: a primavera<br>• Medios de transporte e as súas características<br>• Formas de desprazamento dos transportes<br>• Tipos de medios de transportes: individuais e colectivos<br>• Normas de seguridade viaria<br>• Profesións e instrumentos: piloto, mariñeiro, condutor, ciclista. Días especiais: Día do libro.<br>• Atributo de cor: violeta<br>• Cantidade e grafía do número: tres<br>• Cuantificadores: todos/ningún<br>• Tamaño: o máis pequeno<br>• Nocións espaciais: aberto/pechado<br>• Calidades: seco/mollado<br>• Figura plana: triángulo<br>• Nocións temporais: día/noite. Tipos de paisaxe e elementos característicos: montaña, mar, río, cova<br>• Fenómenos atmosféricos: choiva, arco da vella, sol, vento, neve<br>• Importancia da auga na natureza<br>• Comportamentos respectuosos co medio natural.<br>• Cambios producidos no contorno pola climatoloxía: o verán. Profesións relacionadas con actividades ao aire libre: socorrista, deportistas. Días especiais: Día do medio ambiente |

5º DE EDUCACIÓN INFANTIL - 4 ANOS

| 1º TRIMESTRE | 2º TRIMESTRE | 3º TRIMESTRE |
|---|---|---|
| • Atributo de cor: marrón<br>• Cuantificadores: todos/ningún<br>• Lonxitude: o máis alto/o máis baixo<br>• Numeración: catro<br>• Ordinais: primeiro/último<br>• Composición e descomposición do número catro<br>• Series de dous elementos e unha característica<br>• Formas: círculo, cadrado, triángulo<br>• Nocións espaciais: diante, detrás<br>• Cambios do entorno coa chegada do outono<br>• Observación de fenómenos do ambiente natural<br>• Familia: estruturas familiares e compoñentes da familia<br>• Dependencias da casa e os seus elementos<br>• Profesións relacionadas co coidado e mantemento da casa: fontaneiro e electricista<br>• Formas de vida e costumes noutros lugares: maorís<br>• Días especiais:<br>• Día internacional das persoas maiores<br>• Atributo de cor: branco<br>• Cuantificadores: algún/ningún<br>• Cuantificadores de tamaño: grande/mediano/pequeno<br>• Nocións temporais: día/noite<br>• Medida de capacidade: cheo/baleiro<br>• Numeración: 1, 2, 3 e 4<br>• Operacións: iniciación á suma gráfica (ata o catro)<br>• Orientación espacial: preto/lonxe<br>• Formas rectangulares<br>• Clasificación de alimentos segundo procedencia<br>• Profesionais relacionados co corpo e coa alimentación: cociñeiro, médico, enfermeiro, profesor de educación física, camareiro<br>• Valoración dos diferentes profesionais relacionados coa saúde e coa alimentación<br>• Formas de vida e costumes noutros lugares. Festas do contorno: Nadal<br>• Días especiais:<br>• Día dos dereitos da infancia<br>• Día da Constitución | • Atributo de cor: rosa<br>• Cuantificadores: igual/ diferente<br>• Tamaño: máis grande que/máis pequeno que<br>• Lonxitude: o máis longo/o máis curto<br>• Cantidade e grafía do número cinco<br>• Ordinais: primeiro, segundo, último<br>• Resolución de problemas<br>• Operacións: suma<br>• Signo (=)<br>• Seriación de dúas características e dous elementos<br>• Nocións espaciais: de fronte/de costas<br>• Figura plana: rectángulo<br>• Cambios do entorno coa chegada do inverno<br>• Elementos da rúa: tenda, beirarrúa, calzada, monumentos...<br>• Elementos da rúa relacionados coa seguridade viaria<br>• Tipos de comercios e produtos que venden<br>• Servizos públicos do barrio: parque, parque de bombeiros, hospital e comisaría<br>• Profesionais: comerciantes e profesionais relacionados coa seguridade<br>• Formas de vida e costumes noutros contornos: China<br>• Días especiais: Día da paz, Día do amor e a amizade<br>• Atributo de cor: verde claro, verde escuro<br>• Cuantificadores: máis que<br>• Nocións de tamaño: groso/delgado<br>• Cuantificadores de peso: pesado/lixeiro<br>• Conceptos temporais: antes/despois<br>• Repaso dos números: 1, 2, 3, 4, 5<br>• Resolución de sumas ata o 5.<br>• Seriación de dúas características e tres elementos<br>• Texturas e calidades: suave/áspero<br>• Nocións espaciais: a un lado/ao outro lado<br>• Identificación e reprodución de liñas curvas e rectas<br>• Medios nos que se desenvolven os animais: acuáticos, terrestres e aéreos<br>• Ciclo vital dos seres vivos: animais e plantas<br>• Partes dunha árbore: raíz, tronco, follas<br>• Profesionais relacionados cos animais: veterinario<br>• Interese por outros contornos: a selva amazónica. Festas do contorno: Entroido<br>• Días especiais: día da muller. | • Atributo de color: negro, gris<br>• Cuantificador: menos que<br>• Medida de tamaño: o máis groso/o máis delgado<br>• Nocións temporais: onte/hoxe<br>• Cantidade e grafía do número: 6<br>• Seriación de números ata o seis<br>• Operacións: suma<br>• Signos: (=), (+)<br>• Ordinais: primeiro, segundo, terceiro<br>• Nocións espaciais: arredor de<br>• Liñas: abertas/cerradas<br>• Identificación dos cambios que se producen no contorno coa primavera<br>• Medios de transporte: desprazamento por terra, auga ou aire<br>• Identificación dos medios de transporte contaminantes/non contaminantes<br>• Uso das tecnoloxía nos medios de transportes: auriculares de escoita nos autobuses turísticos<br>• Ferramentas e instrumentos tecnolóxicos<br>• Profesións relacionadas cos transportes: taxista, condutor de autobús, auxiliar de vó, revisor, mecánico<br>• Formas de vida e costumes noutros contornos: Londres<br>• Días especiais: Día do libro.<br>• Atributo de cor: azul claro, azul escuro<br>• Cuantificador: tantos como<br>• Medida de tamaño: ancho/estreito<br>• Nocións temporais: hoxe, mañá<br>• Cantidade e grafía dos números: 1, 2, 3, 4, 5, 6<br>• Resolución de problemas<br>• Operacións: suma<br>• Táboas de dobre entrada: forma e cor<br>• Nocións espaciais: dereita, esquerda<br>• Figura plana: óvalo<br>• A auga: fonte de vida e benestar para os seres vivos<br>• Importancia da auga para os seres vivos<br>• Tipos de paisaxes e presenza de auga neles<br>• Ciclo da auga<br>• Estados da auga, a auga na natureza<br>• Estacións: verán. Profesión: fotógrafo<br>• Formas de vida noutros contornos: os tuareg<br>• Día especial: día do medio natural |

**6º DE EDUCACIÓN INFANTIL - 5 ANOS**

| 1º TRIMESTRE | 2º TRIMESTRE | 3º TRIMESTRE |
|---|---|---|
| • Numeración: 0<br>• Sumas ata o 6<br>• Ordinais: 1º, 2º, 3º<br>• Cuantificadores: moitos, poucos e ningún<br>• Medidas de lonxitude: máis alto que, máis baixo que, tan alto como e tan baixo como<br>• Nocións temporais: mañá, tarde, noite<br>• Atributo de cor: gama de vermellos<br>• Figura plana: rombo<br>• Nocións espaciais: dereita/ esquerda<br>• Series de tres elementos e dúas características<br>• Cambios no contorno polo paso das estacións: o outono<br>• A familia: funcións, ocupacións e relacións de parentesco<br>• Tipos de vivenda<br>• Proceso de construción dunha casa: profesionais, ferramentas e materiais<br>• Cambios na vivenda ao longo da historia<br>• Identificación de algúns modos de vida e costumes en relación co paso do tempo: a Prehistoria<br>• Numeración: 7<br>• Sumas ata o 7<br>• Ordinais: 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º<br>• Cuantificadores: algúns, ningún<br>• Medidas de lonxitude: máis longo que/máis curto que, tan longo como/tan curto como<br>• Tamaño: tan grande como/tan pequeno como<br>• Nocións temporais: antes, agora, despois<br>• Atributo de cor: gama de amarelo<br>• Formas simétricas<br>• Nocións espaciais: preto pero non o máis próximo.<br>• Series ata o número 7<br>• Alimentos elaborados e naturais<br>• Proceso de elaboración dun alimento<br>• Menú equilibrado<br>• Clasificación dos alimentos<br>• Profesións e instrumentos<br>• Identificación dalgúns modos de vida e costumes en relación co paso do tempo: Antigo Exipto<br>• O Nadal<br>• Días especiais: Día dos dereitos da infancia, Día da Constitución | • Numeración: oito<br>• Iniciación na resta gráfica<br>• Ordinais: 1º, 2º, 3º, 4º, 5º, 6º, 7º<br>• Cuantificadores: un máis, un menos, tantos como<br>• Medidas de lonxitude: longo pero non o máis longo, curto pero non o máis curto<br>• Nocións temporais: ponte, hoxe e mañá<br>• Formas con volume: esfera<br>• Atributo de cor: gama do azul<br>• Situación espacial: lonxe pero non o máis afastado, labirintos<br>• Series: de tres elementos e tres características, cambios producidos no contorno segundo a estación: o inverno<br>• Edificios públicos e as súas funcións<br>• Profesionais relacionados cos servizos públicos.<br>• Lugares de lecer, tempo libre e cultura<br>• Tipos de tendas<br>• Agrupamentos urbanos: vila e cidade<br>• Identificación dalgúns modos de vida e costumes en relación co paso do tempo: A Idade Media.<br>• Días especiais:Día da Paz, Día do amor e a amizade.<br>• Numeración: nove<br>• Operación: resta<br>• Ordinais: 1º, 2º, 3º, 4º, 5º, 6º, 7º, 8º<br>• Cuantificadores:delgado pero non o máis delgado, groso pero non o máis groso, tan groso como, tan delgado como<br>• Unidades de medida naturais: pé, pasos<br>• Nocións temporais: días da semana<br>• Atributo de cor: gama do verde<br>• Formas con volume: cubo<br>• Situación espacial: entre<br>• Características e funcións dos seres vivos<br>• Seres vivos e seres inertes<br>• Alimentación e reprodución dos animais<br>• As plantas: usos e beneficios<br>• Profesionais relacionados coas plantas e os animais<br>• Identificación de algúns modos de vida e costumes en relación co paso do tempo: os indios de América do Norte.<br>• Festas do contorno: Entroido<br>• Días especiais: Día da muller. | • Numeración: dez<br>• Operación: resta<br>• Ordinais: 1º ao 9º<br>• Cuantificadores:cantidade: par, parella<br>• Medida : máis ancho, máis estreito<br>• Capacidade: máis pesado que, menos pesado que<br>• Nocións temporais: meses<br>• Atributo de cor: mesturas<br>• Formas con volume: cilindro<br>• Situación espacial: cara a dereita/cara a esquerda<br>• Cambios producidos no contorno segundo a estación: a primavera<br>• Medios de transportes: tipos, evolución, desprazamento<br>• Lugares relacionados cos medios de transporte: aeroporto, porto<br>• Profesións e transportes: mecánico, azafata, controlador aéreo, piloto, mariñeiro<br>• Inventos e fazañas ao longo da historia. Días especiais: Día do libro,<br>• Numeración: repaso do 1 ao 10<br>• Operación en vertical e horizontal: suma, resta<br>• Ordinais: 1º, 2º, 3º, 4º, 5º, 6º, 7º, 8º, 9º, 10º<br>• Cuantificadores: dobre, metade/enteiro, case cheo/case baleiro<br>• Instrumentos de medida:<br>• Lonxitude: regra<br>• Tempo: reloxo<br>• Identificación da hora no reloxo<br>• Atributo de cor e mesturas<br>• Formas con volume: prisma rectangular<br>• Situación espacial: no medio<br>• O planeta Terra<br>• Coñecemento de contornos afastados:<br>• O Sol e os planetas<br>• Satélites naturais e artificiais<br>• Lúa e estrelas<br>• Observación de fenómenos do medio natural: o día e a noite<br>• O verán: características e actividades<br>• Instrumentos relacionados co coñecemento e a exploración do Universo<br>• Viaxes espaciais e profesións relacionadas<br>• Desenvolvemento espacial.<br>• Día especial: Día do medio natural |

### 2.3.5 CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA ÁREA

-Identificar e nomear obxectos e elementos do medio inmediato e actuar sobre eles.

-Agrupar, clasificar e ordenar elementos e coleccións segundo semellanzas e diferenzas.

-Iniciarse na cuantificación e interpretación dos elementos do medio natural.

-Cuantificar coleccións de elementos mediante o uso da serie numérica.

-Resolver sinxelos problemas matemáticos da súa vida cotiá.

-Manexar nocións espaciais e temporais básicas.

-Interesarse polo medio natural.

-Manifestar actitudes de coidado e respecto cara á natureza.

-Participar en actividades encamiñadas ó coidado da natureza.

-Identificar algúns dos cambios naturais que afectan á vida cotiá das persoas.

-Coñecer, identificar e describir persoas e colectivos do seu medio.

-Identifica-las características dos grupos sociais máis próximos.

-Coñecer diferentes servizos comunitarios: mercado, atención sanitaria, medios de transporte...

-Coñecer algunhas manifestacións culturais do seu medio.

-Participar na elaboración de normas nos diferentes grupos cos que se relaciona.

-Analizar situacións conflitivas da vida cotiá e resolvelas axeitadamente.

-Identificar outras culturas presentes no medio.

-Establecer relacións de afecto, respecto e xenerosidade con tódalas súas compañeiras e compañeiros.

## 2.4. ÁREA DE LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

### 2.4.1 OBXECTIVOS

1. Comezar a utilizar a lingua como instrumento de comunicación, de representación, aprendizaxe e gozo, de expresión de ideas e sentimentos, e valora-la lingua oral como un medio de relación cos demais e de regulación da convivencia.
2. Expresar emocións, sentimentos, desexos e ideas mediante a lingua oral e a través doutras linguaxes.
3. Comezar a comprende-las intencións e mensaxes doutros nenos, nenas e adultos, adoptando unha actitude positiva cara á lingua, tanto propia coma estranxeira.
4. Iniciarse na lectura de imaxes mediante a manipulación de debuxos, carteis, gravados, fotografías…, que acompañan aos textos escritos, comezando a atribuírlles un significado.
5. Iniciarse na exploración e a utilización de materiais, instrumentos e soportes propios da linguaxe escrita.
6. Achegarse ó coñecemento de obras artísticas expresadas en distintas linguaxes e realizar actividades de representación e expresión artística mediante o emprego de diversas técnicas.
7. Iniciarse no uso oral dunha lingua estranxeira para comunicarse en actividades dentro da aula, e amosar interese e gozo ó participar nestes intercambios comunicativos.

### 2.4.2 CONTIDOS

**Linguaxe verbal**

#### 1.1. Escoitar, falar e conversar

- A linguaxe oral como medio de comunicación e información.
- Vocabulario rico e acorde cos distintos contextos e coas diferentes situacións de comunicación.
- Normas que rexen o intercambio lingüístico.
- Aquelas palabras e expresións dunha lingua estranxeira que, estando relacionadas cos contidos das unidades didácticas, se poidan introducir:
  - Cores.
  - Membros da familia.
  - Números.
  - Festas e celebracións.
  - Saúdos.
  - Elementos do corpo.
  - Animais.
  - Días da semán.
  - Expresións e frases moi sinxelas.

- Valoración progresiva da lingua oral para evocar e relatar feitos, para explorar coñecementos e para expresar e comunicar ideas e sentimentos e como axuda para regula-la propia conduta e a dos demais.
- Produción de mensaxes orais referidas a necesidades, emocións, desexos, intencións, propostas e opinións.
- Comprensión das intencións comunicativas dos outros nas diferentes situacións de intercambio oral.
- Uso progresivo, acorde á idade, de léxico variado e con crecente precisión.
- Pronuncia axeitada dos sons da lingua.
- Construción e utilización oral de distintos tipos de frases para o que botarán man das variedades morfolóxicas de xénero, número, persoa, tempo…
- Participación e escoita activa en situacións habituais de comunicación, en diálogos colectivos, libres ou dirixidos, respectando as normas que rexen os intercambios lingüísticos.
- Utilización axeitada das normas socialmente establecidas para solicitar, despedirse e saudar.
- Relatos de feitos, situacións, vivencias e contos ben ordenados temporalmente.
- Utilización de sinais extralingüísticos (entoación, xesticulación…) para reforza-lo significado das mensaxes transmitidas.
- Comprensión da idea global de textos orais en lingua estranxeira, en situacións habituais da aula e cando se fale de temas coñecidos e predecibles.
- Recoñecemento e valoración da linguaxe oral como medio de transmisión de sentimentos, ideas, intereses e desexos de coñece-los dos outros.
- Interese e iniciativa por participar nas situacións de intercambio oral.
- Respecto e aceptación das normas sociais que regulan o intercambio oral.
- Actitude de escoita cara ós outros nas súas interpretacións orais.
- Interese polo enriquecemento e pola mellora das súas producións lingüísticas.
- Interese por participar en interaccións orais en lingua estranxeira en rutinas e situacións habituais de comunicación.
- Actitude positiva cara a lingua estranxeira.

### 1.2. Aproximación á lingua escrita

- A lingua escrita como medio de comunicación, información e gozo.
- Formas escritas e formas de expresión gráfica.
- Instrumentos da lingua escrita: libros, revistas, etiquetas, carteis…
- Descubrimento da linguaxe escrita como medio de comunicación, información e gozo.
- Produción e interpretación de códigos de simbolización gráfica.
- Diferenciación entre formas escritas e outras formas de expresión gráfica.
- Comprensión e produción de imaxes de forma secuenciada.
- Iniciación ó coñecemento do código escrito a través de palabras e frases significativas.
- Utilización de esquemas gráficos para a transmisión de mensaxes sinxelas.
- Destreza na utilización das habilidades grafomotrices.

- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.
- Percepción de semellanzas e diferenzas sinxelas en palabras escritas.
- Identificación dalgunhas palabras e frases escritas moi significativas e usuais para o neno e para a nena.
- Iniciación no uso da escrita para cumprir finalidades reais.
- Valoración e interese pola linguaxe escrita como medio de información, diversión e comunicación.
- Gusto por escoitar e ver contos e narracións.
- Interese e atención na escoita de narracións, explicacións, instrucións ou descricións lidas por outras persoas.
- Interese e disposición para o uso dalgunhas convencións do sistema da lingua escrita: linealidade, orientación e organización do espazo.
- Gusto por producir mensaxes con trazos cada vez máis precisos e lexibles.

### 1.3. Achegamento á literatura

- Textos de tradición oral: contos, cancións, poesías, adiviñas e trabalinguas.
- Textos literarios contemporáneos.
- Xogos lingüísticos.
- Comprensión e reprodución oral dalgúns textos da tradición cultural contados ou lidos polos adultos.
- Recitado dalgúns textos poéticos gozando das sensacións que o ritmo, a rima e a beleza das palabras producen.
- Participación en xogos lingüísticos.
- -- Dramatización de textos literarios.
- Utilización da biblioteca da aula con respecto e coidado, valorándoa como recurso informativo, de entretemento e de gozo.
- Interese e respecto cara ás manifestacións orais da súa tradición cultural.
- Actitude de orde e coidado no recuncho da biblioteca.
- Interese por compartir as sensacións e emocións provocadas polas producións literarias.
- Gusto polas dramatizacións literarias.
- Interese pola lectura.

### 2. Linguaxe audiovisual e tecnoloxías da información e a comunicación

- Xogos e actividades interactivas.
- Algúns instrumentos tecnolóxicos: ordenador, reprodutores de imaxe e son…
- A linguaxe audiovisual.
- Iniciación no uso dalgúns instrumentos tecnolóxicos.
- Achegamento a diferentes producións audiovisuais: películas, debuxos animados, videoxogos…

- Valoración crítica do contido dalgunhas producións audiovisuais.
- Discriminación progresiva entre a realidade e a representación audiovisual.
- Uso moderado dos medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e da comunicación.
- Reforzo de diferentes contidos traballados na clase mediante a realización de xogos interactivos no ordenador.
- Curiosidade polos instrumentos tecnolóxicos.
- Gozo cos xogos interactivos.
- Actitude de coidado cos instrumentos tecnolóxicos.

**3. Linguaxe artística**

- A expresión plástica como medio de comunicación e representación.
- Materiais específicos e non específicos para a expresión plástica.
- Técnicas básicas da expresión plástica: debuxo, pintura, modelaxe, collage…
- Útiles e instrumentos da expresión plástica.
- Gama de cores primarias, a súa mestura e os contrastes claro-oscuro.
- Diversidade de obras plásticas que se producen e atopan no medio: pintura, escultura, debuxos…
- Ruído, silencio e música.
- Propiedades sonoras do propio corpo e dos obxectos.
- Calidades do son: intensidade, duración, ton e ritmo.
- Instrumentos musicais.
- Cancións, danzas e bailes.
- Exploración dos materiais e dos útiles da linguaxe plástica.
- Experimentación e descubrimento dalgúns elementos que configuran a linguaxe plástica: liña, forma, cor, espazo…
- Expresión e comunicación de feitos, sentimentos, emocións, vivencias, fantasías…, a través do debuxo e doutras producións plásticas.
- Representación da figura humana no seu conxunto; coa diferenciación das distintas partes e os segmentos corporais.
- Control do xesto gráfico e do instrumento nas elaboracións plásticas.
- Identificación das cores primarias e das secundarias a partir das primarias.
- Identificación do contraste claro-escuro nas cores.
- Uso do collage como medio de experimentación con diversos materiais, formas e cores.
- Realización de formas sinxelas a través da modelaxe.
- Atribución ou identificación do tema dalgunha obra plástica.
- Identificación e diferenciación entre ruído, silencio e música.
- Exploración das propiedades sonoras da voz, do corpo, dos obxectos e dalgúns instrumentos musicais.

- Discriminación dos contrastes básicos: forte-suave, longo-curto, agudo-grave e subida-baixada.
- Produción e reprodución de sons.
- Memorización e interpretación de cancións seguindo o ritmo e a melodía.
- Participación activa en bailes e danzas sinxelas.
- Utilización de instrumentos musicais de percusión para acompaña-las cancións e marcar un ritmo.
- Audición atenta de obras musicais presentes no medio.
- Interese pola produción artística.
- Gusto e gozo coas propias elaboracións plásticas e coas dos outros.
- Actitude de respecto cara a tódalas producións plásticas.
- Coidado e uso axeitado dos diversos materiais e útiles.
- Interese por coñece-las técnicas plásticas.
- Gusto e pracer coa música, o canto e o baile.
- Actitude de atención nas audicións musicais.
- Valoración das cancións e danzas propias do folclore da comunidade á que se pertence.
- Respecto polas producións musicais dos demais.

**4. Linguaxe corporal**

- Posibilidades expresivas do corpo para expresar e comunicar sentimentos e emocións.
- Control do corpo: actividade, movemento, respiración, equilibrio e relaxación.
- Experimentación das posibilidades expresivas do propio corpo a través de xestos e movementos.
- Expresión de sentimentos e emocións co propio corpo.
- Interpretación das mensaxes transmitidas polos outros a través do corpo.
- Automatización e realización de nocións de direccionalidade có propio corpo.
- Desprazamento polo espazo adecuando o propio movemento ó espazo e ó movemento dos outros.
- Mantemento do equilibrio en diversas situacións de actividade.
- Automatización das técnicas de relaxación global e segmentaria.
- Control da respiración nas diferentes actividades tanto de movemento coma de relaxación.
- Imitación e representación espontánea de persoas, situacións e historias sinxelas, reais ou imaxinarias en xogos simbólicos, individuais e compartidos.
- Participación en actividades de dramatización, danzas, xogos simbólicos e outros xogos de expresión corporal.
- Interese e iniciativa por participar nas representacións.
- Desexos de comunicarse e expresarse mediante a linguaxe corporal.
- Atención e gozo nas representacións dramáticas.
- Espontaneidade nas dramatizacións, danzas, bailes…

– Esforzo por transmitir sentimentos e emocións a través da expresión corporal.
– Gusto polo labor persoal e orixinal nas actividades de expresión corporal.

### 2.4.3. CONTRIBUCIÓN AS COMPETENCIAS

- **Competencia en comunicación lingüística**
  - Expresar e comprender mensaxes orais en diferentes situacións comunicativas.
  - Describir, narrar, explicar..., diversos debuxos, carteis, fotografías, pictogramas...
  - Inicialos en debates en grupo sobre temas e problemas relacionados con situacións da vida cotiá.
  - Recrear na aula situacións da vida cotiá.
  - Saber dialogar sobre os diferentes temas e formar progresivamente xuízos críticos.
  - Utilizar textos diferentes con intencións comunicativas diversas: contos, revistas, fotografías, carteis...
  - Interpretar imaxes en voz alta.
  - Coñecer e emprega-las regras básicas do funcionamento da lingua.
  - Ser progresivamente competentes na expresión e comprensión das mensaxes orais que se intercambian en situacións de comunicación diversas.
  - Coñece-las estratexias necesarias para interactuar lingüisticamente dun xeito adecuado.
  - Emprega-las destrezas necesarias para iniciarse na escritura e na lectura.
  - Utilizar de forma progresivamente activa e efectiva os códigos e habilidades lingüísticos e non lingüísticos e as regras que propician o intercambio comunicativo en diversas situacións.
  - Empregar estratexias diversas para comprender o que os demais din: atender ó ton da voz, á entoación, ás pausas...
  - Aprender a xerar ideas, a dar coherencia e cohesión ó discurso.
  - Gozar lendo ou expresándose de forma oral e escrita.
  - Establecer vínculos e relacións construtivas cos demais e co medio a través da comunicación e da conversación.
  - Ser capaces de convivir e de resolve-los conflitos establecendo vínculos comunicativos.

- **Tratamento da información e competencia dixital**
  - Ser capaces de buscar, procesar e comunicar información transformándoa en coñecemento.
  - Comprende-la información integrándoa progresivamente nos esquemas previos de coñecemento.
  - Ser capaz de comunica-la información e os coñecementos adquiridos empregando diversos recursos, soportes e técnicas.
  - Adquirir progresivamente habilidades que lle permitan razoar, organizar, relacionar, analizar e sintetizar dunha maneira adaptada á súa idade.
  - Aprender a comunica-la información e os coñecementos que vaia adquirindo utilizando

diferentes linguaxes.

- Aprecia-las posibilidades que lle ofrecen as novas tecnoloxías da información e da comunicación.
- Comezar a coñecer diferentes tipos de información e de linguaxes.

- **Competencia social e cidadá**
  - Saber escoita-los compañeiros, compañeiras e adultos, buscando sempre o diálogo e a negociación como medios para resolve-los conflitos que se lle formulen.
  - Resolve-los pequenos problemas de convivencia que se susciten dun xeito construtivo empregando o diálogo como medio para soluciona-los conflitos.
  - Coñece-lo patrimonio artístico e cultural do lugar ó que pertence, aprendendo a valoralo e a respectalo.

- **Competencia cultural e artística**
  - Aprender a apreciar e a valora-las producións plásticas dos seus compañeiros e compañeiras.
  - Desenvolver habilidades de cooperación, apoio e aprecio polas iniciativas e contribucións das súas compañeiras e compañeiros.
  - Utilizar diferentes medios de expresión (música, artes visuais, artes escénicas, a linguaxe verbal, a linguaxe corporal...) para expresar ideas, sentimentos, necesidades, emocións e intereses.
  - Desenvolve-la imaxinación, a creatividade e a iniciativa persoal como medios para desenvolverse de xeito cada vez máis autónomo no medio próximo.
  - Desenvolve-la sensibilidade e o sentido estético para o gozo persoal.
  - Desenvolver progresivamente o sentido e a sensibilidade artística que lle permitan comprender e valora-las diferentes manifestacións culturais.
  - Aprender a expresarse e a comunicarse.
  - Aprender a apreciar, comprender e valorar criticamente diversas manifestacións culturais e artísticas.
  - Coñecer diversas manifestacións artísticas e culturais do pasado e do presente e do lugar no que viven.
  - Emprega-las manifestacións culturais como fonte de gozo e de enriquecemento persoal.
  - Iniciarse no coñecemento das técnicas, os recursos e os materiais das diferentes linguaxes artísticas.
  - Iniciarse na valoración da liberdade de expresión, do dereito á diversidade cultural, da importancia do diálogo intercultural e da realización de experiencias artísticas compartidas.
  - Comezar a desenvolver destrezas e habilidades para percibir, comprender e enriquecerse con diferentes realidades e producións do mundo da arte e da cultura.
  - Nas actividades plásticas realizadas en grupo, tomar conciencia da responsabilidade individual para a consecución dun resultado final e da importancia de apoiar e aprecia-las contribucións dos demais membros do equipo da súa mesa.
  - Aprender a utiliza-lo lecer de forma activa desenvolvendo valores de esforzo persoal solidarios.

- **Competencia para aprender a aprender**
    - Coñecer diversas formas para resolver un determinado problema escollendo o medio máis axeitado.
    - Desenvolver progresivamente habilidades para recoller información e transformala en coñecemento.
    - Aprender a aplica-los novos coñecementos que adquire en diferentes situacións..
    - Sentir o desexo e a curiosidade por aprender.
    - Coñecer as cousas que pode facer por si mesmo/a e as que pode facer con axuda dos demais.
    - Pedir axuda cando non poida realizar determinadas accións por si mesmo/a.
    - Basearse no que xa aprenderon para poder adquirir novos coñecementos..
    - Aplica-lo que aprenderon en diferentes contextos e situacións.
    - Desenvolver estratexias que favorezan o desenvolvemento da atención, a concentración, a memorización e a resolución de problemas.
    - Aprender a explorar e a manipular obxectos e situacións.
    - Desenvolver progresivamente formas persoais de aprender.
- Potenciando o desenvolvemento progresivo da autonomía tanto nos hábitos diarios (hixiene, alimentación, descanso...) coma na realización das distintas actividades escolares.

Dentro destes espazos, consideráronse tanto a aula coma outros lugares da escola tendo en conta o principio de flexibilidade e diversidade de elección, có obxectivo de respectar e adecuar a intervención educativa ás diversas características individuais e de grupo.

**A aula**

Estarán distribuídas en distintas *zonas de actividade ou recantos*. Esta organización da aula favorece o desenvolvemento da iniciativa dos alumnos e axúdalles a ser máis autónomos.

- Prestarase especial atención á súa disposición, de modo que os alumnos sexan capaces de entender a funcionalidade de cada un dos ambientes.
- Procurarase diferenciar claramente os distintos espazos, de modo que se eviten as interferencias tanto nas tarefas realizadas coma na súa organización e funcionalidade.
- O número de recantos será variable dependendo da idade dos alumnos, do momento en que nos atopemos, así como das incidencias e necesidades que xurdan ao longo do curso.
- Os recantos servirán tanto para a realización de actividades dirixidas polo educador coma para a experimentación e o xogo individual dos alumnos.
- Estableceranse colectivamente as normas de utilización dos recantos, prestando especial atención a cuestións como o número de nenos por recanto, a necesidade de recoller e gardar os materiais unha vez utilizados, etc.
- Os espazos favorecerán a participación de todos, os desprazamentos, as necesidades fisiolóxicas e afectivas, a socialización, a autonomía, o control, o traballo en grupo, o traballo individual e o traballo colectivo.

Doutra banda, prestarase unha especial atención á ambientación da aula de modo que se converta nun espazo cómodo en que os alumnos se sintan protexidos e co que cheguen a identificarse. Para conseguir isto procurarase:

- Ambientar a aula tendo en conta as diversas realidades culturais de todo o alumnado do grupo/clase; así como a súa idade, os seus intereses e necesidades sociais.
- Utilizar as producións realizadas polo propio alumnado como elemento de ambientación.

**Os espazos comúns**

O funcionamento e a organización dos espazos comúns (patio, ximnasio, corredores, salón de actos, etc.) ateranse ás decisións adoptadas no Proxecto Educativo de Centro.

## 3.4.- ORGANIZACIÓN DO TEMPO.

A organización do tempo lévase a cabo dende dúas perspectivas claramente diferenciadas:

- A confección dun *horario xeral có correspondente desenvolvemento das áreas* e acorde á súa óptima temporalización. Este debe ser flexible para adaptarse ás necesidades propias do desenvolvemento evolutivo dos alumnos e das alumnas, permitindo a creación de adecuados hábitos de hixiene, alimentación, xogo e descanso mediante o desenvolvemento das rutinas diarias que cobrarán especial relevancia. A hora de organizar o tempo terase en conta a idade, o potencial motivador da proposta, a natureza da propia actividade e o momento do día no que se pretende desenrolar dita actividade.
- A elaboración dun *horario de actividade docente*, no que se expoñen as restantes actividades organizativas do centro.

En consecuencia, teremos en conta as seguintes variables:

**Temporalización das actividades**

A temporalización rexirase polo principio de flexibilidade, pero mantendo unha rutina de actividades que permita aos alumnos a creación de hábitos estables de traballo.

Á hora de planificar a distribución de actividades ao longo da xornada diaria, terase en conta a necesidade de manter uns ritmos adecuados de alternancia entre:

- Períodos de descanso e períodos de actividade.
- Actividades que requiren atención e concentración e actividades que non as necesitan.
- Tempo de dedicación aos alumnos que necesitan unha atención individualizada.
- Contidos que se traballarán de forma globalizada e outros que requiren un tratamento máis sistematizado.
- Tempo que se dedicará ás actividades colectivas e ás individuais.
- Establecer rutinas que lles van a proporcionar seguridade e regularidade, frecuencias que ordenen a vida na escola e o leven a interiorizar ritmos e secuencias temporais.

A organización do tempo será flexible e quedará supeditada a posibles variacións, imprevistos e que poidan xurdir ó longo do curso.

**Actividade docente**

As actividades de coordinación e de relación do docente cós pais e alumnos revisten unha grande importancia en tanto que permiten ao profesorado enriquecer o traballo individual con achegas colectivas e establecer criterios de actuación; dar continuidade aos distintos niveis educativos; manter unha actitude aberta cara a innovacións pedagóxicas e posibles cambios na formulación educativa.

En consecuencia, organizarase a actividade docente de modo que esta cubra as necesidades referidas a:

- Coordinación de equipos.
- Coordinación de ciclo.
- Coordinación entre niveis.
- Coordinación pedagóxica coas familias.
- Acción do titor.

## 3.5.- SELECCIÓN DE MATERIAIS E RECURSOS

Establécense unha serie de pautas que dirixirán a selección:

- Os materiais didácticos deben responder ás necesidades dos nenos e nenas, e aos proxectos de traballo que se previu realizar.
- Deben responder ás necesidades de seguridade e manipulación por parte dos alumnos.
- Han de incitar á exploración, investigación e recreación de situacións e experiencias variadas.
- Os elementos seleccionados permitirán a multifuncionalidade, así como posibilitarán a acción tanto individual como colectiva.
- Procurarase utilizar na aula os materiais que o alumnado poida atopar na súa vida diaria e que lles poidan permitir diferentes niveis de resolución das actividades de aprendizaxe.
- Prestarase especial atención á utilización de elementos que proveñan do contorno familiar dos alumnos.
- Igualmente, procurarase recuperar e reciclar materiais cotiáns para transformalos en materiais didácticos.

En coherencia co exposto anteriormente e tendo en conta as orientacións e principios didácticos adoptados, elixiuse un método de traballo onde a utilización de cadernos de fichas, secuencias didácticas e proxectos como elementos e recursos fundamentais, se converte nun material didáctico de uso habitual.

Establecéronse unha serie de pautas concretas que orientan esta selección e que están plasmadas na seguinte guía de valoración de materiais didácticos:

- Encádrase con coherencia no proxecto curricular de etapa.
- Cobre os obxectivos do currículo para o nivel.
- O número de unidades organiza adecuadamente o curso.
- Os obxectivos están claramente explicitados.
- Os contidos seleccionáronse en función dos obxectivos.
- A selección de contidos está adecuada ó nivel de desenvolvemento e maduración do alumnado
- Prevé contidos procedimentais e actitudinais.
- A progresión é adecuada.
- Integra dunha forma plena os temas transversais.

- Parte dos coñecementos previos do alumnado.
- Asegura a realización de aprendizaxes significativas.
- Esperta a motivación cara á aprendizaxe.
- Presenta actividades de reforzo e de ampliación.
- A cantidade de actividades é suficiente.
- Permite a atención á diversidade.
- A linguaxe está adaptada ao nivel.
- A disposición dos elementos nas páxinas aparece clara e ben diferenciada.
- O aspecto xeral do material resulta agradable e atractivo para o alumno.
- Presenta materiais complementarios que facilitan o desenvolvemento do proceso docente.

O *MATERIAL DA AULA* (funxible e non funxible) será variado e estimulante, adaptado a súa idade, colocado a vista e ao alcance dos nenos/as, distribuido por recunchos facilitando o seu uso, distribución e conservación, ademáis de favorecer a autonomía dos nenos.

En canto as tecnoloxías da Información e a Comunicación, contamos cun Encerado dixital e ordenador en tódalas aulas. Ademais dispoñemos de robots e tablets que se poden empregar nas sesión de Tics.

No referido a recursos temos:

***- RECURSOS MATERIAIS,*** o emprego será divertido, proporcionándolle pracer e benestar ao neno/a, pero tamén xerador de descubrimentos, promovendo aprendizaxes e favorecendo a socialización entre os iguais. Por isto, o contexto da aula, deberá de proporcionarlles posibilidades de xogo ricas e variadas, sacándolle partido aos recursos materiais dos que dispoñemos na aula.

***- RECURSOS AMBIENTAIS***, temos o propio colexio, as aulas de infantil e o patio, ademais do contorno daqueles sitios que visitemos ao longo do curso, nas saídas de actividades complementarias.

***- RECURSOS HUMANOS***, confórmanos tódalas persoas que forman parte do proceso de ensinanza-aprendizaxe, a especialista de Audición e linguaxe, Inglés e Relixión, o equipo de Orientación, o resto de profesorado e persoal non docente como a administrativa, o conserxe e o personal de limpeza, sen esquecer a colaboración das familias a hora de realizar actividades complementarias, e da ANPA.

Finalmente destacar a figura do neno/a, como o principal recurso humano, tanto a nivel físico como psíquico, xa que será un aspecto fundamental dentro do proceso de ensinanza-aprendizaxe, porque o alumnado é o verdadeiro protagonista.

## 3.6.- ORGANIZACIÓN DAS CLASES EN CASO DE NON PRESENCIAL

Debido a situación de pandemia vivida recentemente pola COVID o equipo de infantil terá en conta un traballo dende unha perspectiva didáctica globalizadora, poñendo en xogo contidos de distintas áreas e coordinando as estratexias e propostas, en caso de confinamento.

Da mesma forma, buscamos favorecer a colaboración coas familias proporcionándolle distintos medios para un intercambio continuo e fluído de información a través de estratexias como:

- Publicación de tarefas na Aula Virtual do centro , dando diferentes opcións: material para imprimir ou dixital, onde o alumnado poida participar atendendo a súa idade.

- Entrega de tarefas por parte das familias e mensaxería para dúbidas, sensacións dos nenos/as, mediante as aplicacións de abalarmóbil e correo corporativo.

- Chamadas telefónicas centradas na parte emocional das familias.

Comentar que atendendo á individualidade de cada neno/a e en contacto co Departamento de Orientación establecemos unha serie de propostas de reforzo orientadas á diversidade do alumnado.

No caso do alumnado **sen conectividade** o centro facilitaralle un ordenador as familias para que poidan seguir as clases de xeito virtual, debido a idade dos nenos e nenas non haberá un horario establecido, subiranse as tarefas a Aula Virtual cada día ou semanalmente dependendo da idade e da situación alumno/a confinado ou clase confinada

As actividades propostas polo Equipo Docente deste ciclo son:

- Actividades manipulativas
- Proxectos sobre distintas temáticas.
- Realización de tarefas impresas.
- Actividades con técnicas plásticas e materiais de refugallo.
- Visualización de vídeos explicativos elaborados polas mestras e mestres.
- Actividades de creación musical, interpretación vocal, discriminación sonora, investigación e tratamento de información, expresión corporal por imitación e audición de pezas audiovisuais.
- Experimentos e retos.
- Propostas para favorecer a estimulación da linguaxe.
- Xogos e actividades psicomotrices.
- Actividades LIM, xogos online, propostas interactivas…
- Actividades para celebrar as distintas conmemoracións.

## 4.- AVALIACIÓN.

A avaliación enténdese como un proceso integral, no que teñen en conta diversas dimensións: análise do proceso de aprendizaxe dos alumnos, análises do proceso de ensinanza e da práctica docente.

## 4.1 .-AVALIACIÓN DO PROCESO DE APRENDIZAXE DOS ALUMNOS/AS.

As características da avaliación en Educación Infantil realizase de acordó coa Orde do 25 de xuño de 2009 sendo *global* (de tódolos aspectos implicados no feito educativo), *continua* (porque se avalía de forma sucesiva o longo de todo o proceso) e e *formativa* (porque sirve ó profesor como instrumento útil para mellorar e correxir o proceso de ensinanza-aprendizaxe); permiten ao profesorado desta etapa canalizar a súa acción educativa facilitando ao alumnado variadas experiencias de aprendizaxe, co fin de que cada neno e nena alcance o máximo desenvolvemento nas súas capacidades de acordo coas súas posibilidades.

Realizarase un seguimento ó longo do proceso educativo que permita relacionar os criterios de avaliación, asociados ás capacidades que se pretenden desenvolver, coas características e posibilidades do alumno, orientando e reconducindo o proceso de ensino e aprendizaxe.

O referente para establecer os criterios de avaliación constitúeno os obxectivos xerais, os obxectivos das áreas, así como as competencias.

Entre os procedementos de información, a observación directa e sistemática convértese nun instrumento de primeira orde, permitindo ao profesorado realizar o seguimento ao longo do proceso educativo, valorando e axustando a súa intervención educativa en función dos datos obtidos.

Como instrumentos de observación que permitirán recoller de xeito organizado información individual sobre ese proceso e, por conseguinte, proporcionar datos globais e pautas de actuación con cada alumno, utilizaranse os seguintes elementos:

- Entrevistas coas familias.
- O diario da aula.
- As conversacións cos alumnos.
- As situacións de xogo.
- As producións dos nenos e das nenas.

A avaliación concíbese e practícase do seguinte xeito:

- Individualizada, centrándose na evolución de cada alumno, tendo en conta a súa situación inicial e particularidades.
- Integradora, para o que prevé a existencia de diferentes grupos e situacións e a flexibilidade na aplicación dos criterios de avaliación que se seleccionan.
- Cualitativa, na medida en que se aprecian todos os aspectos que inciden en cada situación particular e se avalían de forma equilibrada os diversos niveis de desenvolvemento do alumno, non só os de carácter cognitivo.
- Continua, xa que atende á aprendizaxe como proceso, contrastando os diversos momentos ou fases.

Dentro desta prevense tres modalidades:

- *Avaliación inicial*. Proporciona datos sobre o punto de partida de cada alumno, dándonos unha primeira fonte de información sobre os coñecementos previos e as características persoais, que permiten unha atención ás diferenzas e uns métodos adecuados.
- *Avaliación formativa*. Realízase dun xeito continuo durante o mesmo proceso de ensino–aprendizaxe, observando e valorando os progresos e as dificultades de cada alumno, co fin de axustar a intervención ás necesidades individuais, establecendo as medidas de axuste e axuda que se consideren adecuadas.
- *Avaliación sumativa*. Establece os resultados ao termo do proceso total de aprendizaxe en cada período formativo e a consecución dos obxectivos.

Así mesmo, prevese a existencia de elementos de autoavaliación que impliquen aos alumnos e ás alumnas no proceso.

Os titores elaborarán un informe trimestral de *AVALIACIÓN AS FAMILIAS.*

## 4.2 .- AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE.

A avaliación da intervención educativa permite constatar que aspectos desta favoreceron a aprendizaxe e en que outros deben introducirse modificacións ou melloras.

***CRITERIOS DE AVALIACIÓN PROCESO DE ENSINANZA-APRENDIZAXE***

| ***PLANIFICACIÓN DAS TAREFAS*** |
|---|
| - Valoración da planificación realizada, analizando os resultados obtidos en función dos esperados.<br>- Organización dos espazos, tempos e materiais.<br>- Adecuación das programacións e as medidas de reforzo. |
| ***PARTICIPACIÓN*** |
| - Relación familia–escola. Colaboración e implicación dos pais.<br>- Relación entre os alumnos, e entre estes e os profesores. |
| ***ORGANIZACIÓN E COORDINACIÓN DO EQUIPO*** |
| - Ambiente de traballo e participación.<br>- Clima de consenso e aprobación de acordos.<br>- Implicación dos membros.<br>- Proceso de integración no traballo. |
| ***Con relación a OBXECTIVOS E CONTIDOS*** |

| |
|---|
| A secuencia dos obxectivos e contidos. Os criterios de avaliación. A formulación de obxectivos e contidos. Están adaptados ao momento evolutivo do neno? Lográronse alcanzar? Contemplan o desenvolvemento armónico das diferentes áreas curriculares? Logrouse algún obxectivo no previsto na programación? Tivéronse en conta os diferentes tipos de contidos? Sería necesario contemplar algún máis no desenvolvemento desta unidade? Cales dos previstos non se poideron desenvolver? |
| ***Con relación a ORGANIZACIÓN ESPACIAL E MATERIAL*** |
| Temperatura, luz ,nivel de ruidos. Mobiliario e distribución. Distribución temporal das rutinas. As condicións de visibilidade e percepción auditiva. horario dos tempos de apoio. A distribución do espacio con respecto a mobilidade e accesibilidade. Favoreceuse o uso de espazos diferentes da aula. Surxiron dificultades nalgún deles? O espazo da aula estaba ben distribuído para as actividades plantexadas? ... |
| ***Con relación a TEMPORALIZACIÓN*** |
| Desenvolvéronse respetando os ritmos de cada neno? Permitiron o traballo individual en pequeno e gran grupo? A duración prevista foi suficiente para traballar os contidos? A distribución temporal dos contidos foi equilibrada? A cal se lle dedicou máis tempo?... |
| ***Con relación a RECURSOS MATERIAIS E PERSOAIS*** |
| Colocación do material e a súa accesibilidade.. Os materiais relacionados coa comunicación. A distribución do material por zonas. Cantidade e variedade de material. A relación e coordinación entre os diferentes profesionais. Os criterios e as formas de pensar dos diferentes profesionais. A distribución de tempos de cada profesional. Foron axeitados? Resultaron suficientes? Despertaron intere? Favoreceron o traballo en grupo e o independente? Fomentaron o xogo?Fomentaron o xogo e o traballo cooperativo? Cales se usaron de modo diferente a prevista?... |
| ***Con relación a METODOLOXÍA E ACTIVIDADES*** |
| Presentación e motivación da actividade? Tipo de actividades e niveis de execución. O papel do mestre no desenvolvemento da actividades. Utilización de diferentes agrupamentos. Reforzos empregados. Tipo de axudas ofrecidas. Diseño e complexidade de actividades. Desenvolvéronse tendo en conta o principio de aprendizaxe significativo?.Deixouse de facer algunha actividade planificada? Cal? Por qué? Propiciouse a interacción social? A súa consecución implicou diferentes agrupamentos? Propiciouse a consecución de obxectivos previstos?... |

### 4.3 MÍNIMOS ESIXIBLES PARA OBTER UNHA AVALIACIÓN POSITIVA.

• Mostrar unha adaptación adecuada aos espazos, horarios e rutinas.

• Manter unha relación adecuada co alumnado e o profesorado do ciclo.

• Acadar un nivel de autonomía e desenvolvemento persoal que lle permita participar no desenvolvemento das actividades da aula independentemente do nivel acadado nas producións e na adquisición de coñecementos.

## 5.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE .-

Con obxecto de axustarnos ás necesidades reais de cada un dos nosos alumnos/as, realizarase unha valoración das súas características individuais de acordo aos seguintes parámetros:

### 5.1. AVALIACIÓN DO NIVEL DE COMPETENCIA CURRICULAR DOS ALUMNOS E DAS ALUMNAS

Aspectos a ter en conta:

1. Tanto se se trata dun neno de novo ingreso coma se estivo escolarizado anteriormente, será conveniente esperar a que pase o período de adaptación, cando estea xa afeito á aula e se sinta querido, aceptado e protexido.
2. Decidir con que referente curricular imos avaliar o neno:
   - Se o desenvolvemento evolutivo do neno está afastado do nivel madurativo propio da súa idade cronolóxica, e co fin de identificar as lagoas existentes, utilizaremos como referentes os obxectivos xerais, contidos ou criterios de avaliación do nivel anterior.
   - Cando o nivel madurativo non se afaste excesivamente do nivel evolutivo dos outros compañeiros da súa idade, o referente que se debe utilizar serán os obxectivos xerais, contidos e criterios de avaliación do mesmo nivel. Isto permitiranos establecer a distancia entre o que o alumno é capaz de facer, xa sexa de forma autónoma ou coa axuda do docente, e o que se pide que alcance neste nivel. Deste xeito poderemos definir de forma máis axustada o tipo de intervención educativa que deberemos levar a cabo, onde ir eliminando axudas e onde ir ofrecendo outras novas que lle permitan ir avanzando cara ao nivel do grupo.

1. Valorar que áreas curriculares será necesario avaliar con máis profundidade, aquelas onde o neno ou a nena ten máis dificultades, seleccionando os obxectivos, contidos e criterios de avaliación máis importantes.
2. Determinar unha adecuada estratexia de avaliación que nos indique con claridade o que o neno é capaz de facer en relación coas aprendizaxes propostas. En moitos casos servirannos as propias actividades da aula, pero nalgún caso, e debido ás características específicas do neno, haberá que deseñar actividades específicas de avaliación para valorar determinados aspectos.

### 5.2 .AVALIACIÓN DO DESENVOLVEMENTO MADURATIVO

Faise necesario realizar unha avaliación do neno por áreas de desenvolvemento:

biolóxicos, intelectuais, motores, comunicativo–lingüísticos, de adaptación e inserción social e emocionais.

| ÁREA | Criterio de Observación |
|---|---|
| Perceptivo-cognitiva | - Relación co xogo.<br>- Relación cos obxectos.<br>- Capacidade de atención.<br>- Desenvolvemento do esquema corporal.<br>- Niveis perceptivos.<br>- Desenvolvemento dos conceptos espazo–temporais.<br>- Pensamento lóxico.<br>- Capacidade de simbolización. |
| Comunicación e linguaxe | - Capacidades previas: praxias, respiración, deglutición, mastigación, discriminación auditiva e capacidade articuladora.<br>- Comunicación xestual comprensiva e expresiva.<br>- Linguaxe oral comprensiva e expresiva. |
| Motriz | - Motricidade grosa: control postural, xiros, posicións, coordinación dinámica xeral, equilibrio estático, equilibrio dinámico, etc.<br>- Motricidade fina: coordinación manual, coordinación óculo–manual, habilidades manipulativas, dominancia lateral, grafomotricidade, etc. |
| Afectivo–social | - Autonomía persoal e social.<br>- Hábitos de alimentación, hixiene, aseo e vestido.<br>- Normas de comportamento.<br>- Interacción cos adultos.<br>- Interacción cos iguais. |

### 5.3. AVALIACIÓN DO ESTILO DE APRENDIZAXE

Para facer unha adecuada valoración das características individuais de cada neno necesitamos saber o que é capaz de facer e como o fai, é dicir, como se enfronta e responde ás tarefas escolares.Aspectos que hai que ter en conta para a avaliación dos estilos de aprendizaxe:

-Condicións físico–ambientais nas que responde mellor ás aprendizaxes: son, luz, temperatura, lugar onde se coloca en cada situación, espazos onde se sente máis cómodo.

-Preferencias de agrupamento para realizar as actividades: só, en parella cun igual, en pequeno grupo, en gran grupo, individual coa mestra.

-Preferencias fronte a adultos e iguais: profesional co que interactúa mellor, tipo de vínculos afectivos cos outros, contactos e relacións cos nenos.

-Tipo de reforzos máis positivos para aprender: tipo de recompensa, procura de reforzo, satisfacción ante as súas tarefas, valoración do seu esforzo, resposta aos reforzos dos iguais.

-Nivel de atención: momentos en que está máis atento, tarefas nas que aumenta ou diminúe a atención, materiais que a reforzan, tempo que pode permanecer atento, xeitos de captala.

-Intereses e motivación: actividades e situacións de aprendizaxe que o motivan máis, as que

menos lle interesan, os contidos e actividades cos que se sente máis seguro e cómodo.

-Estratexias que emprega para a resolución de tarefas: pensa e planifica a resposta que dá, analiza e secuencia os elementos que compoñen a tarefa, aproxímase progresivamente por tenteo (ensaio–erro) á solución, etc.

## 5.4. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A atención a diversidade afecta ao conxunto do alumnado e non soamente aos alumnos con necesidades específicas de apoio educativo, xa que as motivacións, intereses e capacidades de aprendizaxe son moi distintas entre os nenos/as debido a complexos factores de carácter individual e sociocultural.

Así pois, as diferenzas individuais entre os nenos fan precisa a individualización da ensinanza. Como resultado da valoración inicial e ante o amplo abano de capacidades, estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses dos alumnos, prevense distintas vías de resposta.

Adaptaránse os métodos,en función de que o tipo de axuda que ofrecen responda ás necesidades que en cada momento demandan os alumnos, nas formas de enfocar ou presentar determinados contidos ou actividades como consecuencia de:

- Os distintos graos de coñecementos previos detectados nos alumnos.
- A existencia de diferentes graos de autonomía e responsabilidade.
- A identificación de dificultades en procesos anteriores con determinados alumnos.

Actualmente, temos 1 neno diagnosticado de Tea na aula de 3 anos. E na aula de 5 anos hai un neno con Trastorno xeneralizado de desenvolvemento. Para os que o Departamento de Orientación planificará apoios por parte da mestra de apoio de Educación Infantil, a mestra de Audición e Linguaxe e o mestre de Pedagoxía Terapeutica.

### *ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE DIFERENCIADAS: REFORZO E AMPLIACIÓN*

Cando se trata de alumnos que manifestan algunha dificultade para traballar determinados contidos, débese axustar o grao de complexidade da actividade e os requirimentos da tarefa ás súas posibilidades. Isto implica unha dobre esixencia:

- Realizar unha análise dos contidos para determinar cales son fundamentais.
- Ter previsto un número suficiente de actividades para cada un dos contidos considerados fundamentais, con distinto nivel de complexidade, que permita traballar estes mesmos contidos con esixencias distintas, incluíndo actividades de ampliación ou referidas a contidos complementarios.

### *MATERIAL DIDÁCTICO COMPLEMENTARIO*

A utilización de materiais didácticos complementarios permite axustar o proceso de ensino–aprendizaxe ás diferenzas individuais dos alumnos: consolidando contidos que sexan máis difíciles de adquirir, ampliando e afondando en temas de especial relevancia para o desenvolvemento da área, practicando habilidades instrumentais ligadas aos contidos de cada

área, enriquecendo o coñecemento dos temas ou aspectos sobre os que os alumnos mostran curiosidade e interese.

***AGRUPAMENTOS FLEXIBLES E RITMOS DIFERENTES***

A organización de grupos de traballo flexibles no seo do grupo básico permite:

- Que os alumnos poidan situarse en distintas tarefas.
- Propoñer actividades de reforzo ou afondamento segundo as necesidades de cada grupo.
- Adaptar o ritmo de introdución de novos contidos.

***CONDICIÓNS PARA UNHA ATENCIÓN EFECTIVA***

A integración dos alumnos con necesidades educativas especiais e a concreción das adaptacións curriculares serán posibles grazas ás seguintes medidas articuladas no centro:

- A **cualificación do profesorado** e a importancia da acción do titor.

O profesorado do centro posúe a predisposición, a sensibilidade e a formación necesarias para asumir a tarefa de colaborar co Departamento de Orientación e seguir as súas directrices.

- **O Método**

O centro parte da constatación de que os alumnos con dificultades de aprendizaxe aprenden, basicamente, da mesma forma que o resto. É dicir, os axustes metodolóxicos van responder a uns principios e unhas consideracións sobre a aprendizaxe que son comúns a todos os alumnos.

Convén esmerarse na planificación máis rigorosa e minuciosa, na flexibilidade, os métodos activos e a globalización.

- **Espazos**

Para favorecer o proceso de integración–normalización e para crear as condicións óptimas para o fomento de interaccións ricas e fluídas, prevense as seguintes medidas:

- Salas para as actividades de apoio específico, cando se considere necesario polas características individuais do alumnado con necesidades educativas especiais.
- Posibilidade de realizar as actividades de apoio dentro da aula.
- Disposición adecuada do mobiliario e coidado das condicións ambientais.
- Supresión de barreiras arquitectónicas.

- **Tempos**

A xestión do tempo guiarase por dous criterios: a adaptación ás peculiaridades especiais de cada alumno e a flexibilidade horaria. Algunhas actividades requirirán tempos máis prolongados (talleres, etc.) e outras, máis reducidos, debido á fatiga, falta de concentración ou outros motivos.

## 6.- EDUCACIÓN EN VALORES.

Contidos vinculados ao currículo que deben impregnar todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe xa que constitúen valores, hábitos, comportamentos que están presentes na nosa sociedade,

polo que é preciso acercarnos a estos temas para que os nenos/as actúen nun futuro con conciencia, civismo, responsabilidade e respecto, entre outras cousas.

A presencia destes temas na ensinanza xustifícase pedagóxicamente, xa que non existe outro modo de acadar a formación integral da persoa e socialmente, posto que a Educación Infantil debe ter un carácter preventivo e compensador como resposta ás demandas da nosa sociedade, plural e cambiante que reclama cada vez máis un papel activo da escola na implantación dun novo orde de valores. Serán contemplados dende unha *perspectiva globalizadora*, xa que aparecerán ao longo de toda a etapa, percorrendo "transversalmente" todos e cada un dos ámbitos de experiencia.

- *Educación moral e cívica*: educar ao niño no respecto por un mesmo e polos demáis, evitando actitudes de rechazo, educando na convivencia, sendo imprescindible para unha vidad nunca sociedade multicultural e diversa.
- *Educación para a Paz:* promovendo actitudes de cooperación, resolución pacífica de conflictos a través do diálogo, eliminando conductas agresivas,a non violencia, sendo a paz unha tarefa de todos.
- *Educación para a saúde*: potenciar un estilo de vida saldable e un estado de benestar xeral tanto física como mental. Trabajando alimentación e saúde, hixiene persoal, actividade física, prevención de riscos, hábitos correctos, etc.
- *Educación Vial:* desenvolver nos pequenos/as normas, conductas básicas e actitudes responsables como peatón, como ocupante dun coche (uso do cinturón), ou como conductor dunha bici ou monopatín.
- *Educación non sexista:* pretendemos desenvolver actitudes de respecto, tolerancia e colaboración entre nenos e nenas, concienciałos sobre a igualdade de oportunidades das persoas, respetando a súa singularidade e transmitindo valores non sexistas, evitando a asignación de roles, estereotipos, valores e comportamentos sexistas; traballando a expresión de sentimentos e emocións; a cooperación nas tarefas domésticas, fomentando actividades de xogo compartidas evitando dicotomía entre xogos de nenos e de nenas e empregaremos unha lengua coeducativa.
- *Educación ambiental*: valorar o medio na súa vida e a responsabilidade de cuidar entre todos o noso entorno, incrementando a sensibilidade a través dla observación e interacción co medio, con actitudes de respeto e cuidado.
- *Educación do consumidor*: capacitar os nenos/as para ter actitudes críticas e realizar un consumismo responsable, sendo capaces de evitar a manipulación polos medios de masas e a publicidade.

Fomentar os valores na educación e que éstos impregnen o currículum e a práctica na aula é unha realidade necesaria e imprescindible para a formación completa e integral dos nosos alumnos e alumnas.

## ***7.-COMPETENCIAS.***

A Unión Europea establece unha serie de competencias que o alumnado debe desenvolver e acadar ao longo do ensino básico. Aínda que na LOE/LOMCE estas veñen indicadas para o ensino obrigatorio, é preciso que o seu desenvolvemento se inicie desde o comezo da escolarización, de xeito que a súa adquisición se realice de forma progresiva e coherente. Estas competencias, orientarán e impregnarán o currículo de educación infantil, téndose como referentes que guíen a práctica educativa e condicionen o tratamento das áreas.

*Dentro do punto 2 da presente programación aparecen concretadas nas áreas.*

**1.- Competencia en comunicación lingüística:** Contribuirase á mellora da competencia lingüística desde a educación infantil fomentando a participación, respectando a diversidade de respostas e ofrecendo un clima no que se anime a ler, escribir e conversar.

**2.- Competencia matemática:** Contribuirase á mellora da competencia matemática na educación infantil na medida en que os elementos e razoamentos matemáticos sexan empregados para enfrontarse ás situacións cotiás e reais que o precisen.

**3.- Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico:** Contribuirase, polo tanto, á adquisición desta competencia desde educación infantil iniciando o alumnado no pensamento científico, potenciando habilidades de investigación: formular hipóteses, recoñecer evidencias, observar, formular interrogantes, descubrir alternativas, verificar, predicir, xerar novas ideas e solucións…

**4.- Tratamento da información e competencia dixital:** Se desde a educación infantil se quere contribuír a mellorar esta competencia, é preciso que se propoñan situacións nas cales sexa necesario resolver problemas reais, para o cal se recorrerá ao tratamento da información e ao uso dos recursos tecnolóxicos dispoñibles.

**5.- Competencia social e cidadá**: Desde a educación infantil contribuirase ao desenvolvemento desta competencia traballando as habilidades sociais que permiten mediar nos conflitos de convivencia, axudan a resolvelos con actitude construtiva e a tomar decisións con autonomía.

**6.- Competencia cultural e artística:** Na educación infantil contribuirase ao desenvolvemento desta competencia cando o centro estea aberto ás diferentes manifestacións culturais e artísticas, converténdose nun espazo en que se aprecie e goce coa arte e coas manifestacións culturais, onde se potencie o emprego dalgúns recursos da expresión artística para realizar creacións propias; onde se manteña unha actitude aberta, respectuosa e crítica cara á diversidade de expresións artísticas e culturais e onde se impulse cultivar a capacidade estética

e creadora de cada criatura e o interese por participar na vida cultural e por contribuír á conservación do patrimonio.

**7.- Competencia para aprender a aprender:** Aprender a aprender supón dispoñer de

habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de maneira cada vez máis eficaz e autónoma de acordo cos propios obxectivos e necesidades. Contribuirase á mellora desta competencia deseñando unha práctica educativa que incida na potenciación da comprensión e da expresión lingüística, da memoria, da motivación, da observación, dos rexistros das aprendizaxes, do traballo cooperativo e por proxectos, da resolución de problemas, posibilitando por parte dos nenos e nenas a planificación e organización da tarefa que se vai realizar, a selección e o tratamento da información a través dos diferentes recursos tecnolóxicos.

**8.- Autonomía e iniciativa persoal:** Poderase contribuír a mellorar esta competencia cando se permita imaxinar, emprender accións, desenvolver proxectos individuais ou colectivos con creatividade, confianza e responsabilidade.

## *8.- RELACIÓN FAMILIA-ESCOLA.*

Esta relación debe estar baseada na información, comunicación e participación, apoiándose en tres razóns fundamentais: as familias precisan estar informadas do que acontece cos seus fillos/as; as aprendizaxes na Educación Infantil teñen que ver coa vida cotiá, deste xeito e coa colaboración da familia, conseguiremos aprendizaxes significativas; e porque a Constitución establece que os pais intervirán no control e xestión dos centros.

Polo tanto, coa participación da familia na escola estaremos favorecendo o desenvolvemento harmónico dos nenos/as e a coherencia educativa, sen obviar que o centro de Educación Infantil, xunto coas familias, completa e amplía as experiencias educativas dos nenos/as.

A súa participación na vida escolar faráse a través de diferentes sistemas:

- Intercambio de información a través das entradas e saídas da aula; entrevistas e reunións; paneis informativos e escritos.
- Entrevistas coas familias dos alumnos e alumnas ao principio e o final do curso e no transcurso de cada trimestre sempre que sea oportuno. O que acordemos nestas entrevistas quedará reflexado nun ficheiro de entrevistas.
- Reunións de grupo ao principio e ao final de curso. No transcurso do mesmo, sempre que se considere oportuno, tamén faremos reunións.

- Colaborarán nas unidades didácticas ou centros de interés a través da búsqueda de información de cada unidade e aportando material ou recursos que favorezcan o proceso de ensino e aprendizaxe.
- Participarán na vida do centro escolar a través da ANPA e do CONSELLO ESCOLAR.

## *9.- O PERÍODO DE ADAPTACIÓN.*

O período de acollida favorece a adaptación dos nenos e as nenas que se incorporan á aula e é

un aspecto básico en Educación Infantil.

Inclúe un conxunto de actividades dirixidas a aceptar e resolver, de xeito natural e normalizado, o conflito que produce a entrada na escola dos alumnos e que afecta tamén ás familias.

Ofrecerase ás familias unhas orientacións básicas para que asuman este período con naturalidade, reducindo os temores, a ansiedade e a angustia, e darlles pautas de actuación que lles permitan transmitir seguridade e confianza aos nenos e ás nenas.
A entrada na escola está organizada de forma gradual para conseguir que os nenos e as nenas se habitúen progresivamente aos espazos, aos seus compañeiros e a mestra.

## 9.1. OBXECTIVOS

-Establecer contactos positivos entre as familias e a escola, abrindo canles de comunicación e participación.
-Cubrir as necesidades emocionais dos nenos e nenas e as suas familias.

-Flexibilizar o tempo de incorporación dos nenos e nenas á dinámica diaria da aula.

-Minimizar a ansiedade, a angustia e o medo que produce esta nova experiencia nos nenos e nenas.

## 9.2.ACTIVIDADES

Durante o período de adaptación as actividades a desenvolver serán:

- Actividades encamiñadas ás familias con entrevistas iniciais e reunións explicativas.

-Actividades adaptadas ás motivacións e intereses dos nenos e nenas: xogos de roles, xogos de contacto corporal, xogos de expresión, xogos manipulativos, de construcción e simbólicos.

-Actividades para coñecer as preferencias e os gustos dos nenos e nenas, as suas capacidades e limitacións e o seu nivel de desenrolo.

-Actividades para o coñecemento dos materiais e os espazos da aula e o centro.

-Actividades para o recoñecemento grupal e a autonomía persoal.

## 9.3.METODOLOXÍA

Hai que ter en conta que a adaptación é un proceso lento que precisa o seu tempo, polo que se repetarán e aceptarán os ritmos personais.

Partimos dunha visión global e integral dos nenos e nenas, de xeito que as súas experiencias sexan incorporadas á aula, así como os seus costumes, xogos e preferencias.

Dende o primeiro momento establecerase unha relación positiva nun clima de intercambio e diálogo coas familias que lles proporcione ós nenos e nenas seguridade e confianza.

O período de adaptación deste curso comprenderá dende o día 10 de setembro ata o 18 de setembro, tal e como se establece na Orde do 20 de xuño de 2020 pola que se aproba o calendario escolar.

## 9.4.CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO PROCESO.

Consideraremos que o neno e a nena está adaptado cando é quen de :

- Intercambiar experiencias.
- Ofrece e acepta unha comunicación  afectuosa.
- Pode expresar afecto ou rechazo ó seu educador.
- Cando se sinte seguro de expresar e amosar o seu mundo.
- Cando utiliza cómodamente os espazos se integra no grupo de nenos e nenas

## *10.- PLAN DE CONVIVENCIA.*NORMAS DE CONVIVENCIA DE EDUCACIÓN INFANTIL

- Saudar ó entrar e saír da clase: Dialogar. Vivenciar distintos tipos de saúdos.
- Respectar o turno de palabra: Pedirlle que pensen o que pode pasar se todos falamos á  vez.
- Compartir os materiaies e xoguetes en cada actividad: Guialos para que falen de cómo se ten que sentir o neno/ a que  quedou sen o xuguete que quería.
- Coidar os materiais comuns: Dialogar e vivenciar a situación (clase onde non se ordena nin cuida nada). Os nenos e nenas que non o fagan quedarán sen ser responsable un día.
- Non pelexarse na la fila: Recordar cómo se debe sair e entrar no colexio e na clase. Se o fai por hábito,  que salga e entre ese día o último.
- Nos xogos espontáneos non excluir a ningún compañeiro: Sacar do neno /a o seu propio punto de vista do problema de forma non acusatoria. ¿Qué ocurreu, por qué fixo iso?
- Pedir as cousas "por favor" e dar "as grazas": Repetir a mestra, as veces que sexa necesario. Por imitación os nenos / as empezarán a pedir as cosas "por favor" e a dar "as grazas".
- Recoller e ordenar os materiais e xoguetes utilizados: Comezar o turno e colaborar para que ó recoller os xuegos se faga con orden e sen pelexas.
- Respectar o traballo do compañeiro/a nas tareas colectivas e individuais: Dialogar con él ou ela. Se algún neno/a derrama con intención o traballo en equipo, quedarase sen participar na próxima actividade.

## *11.- ESPECIALIDADES (ACTUACIÓN EDUCATIVA)*

### 11.1.- Informática – Plan TIC

O tratamento da información  e a competencia dixital fai referencia ó inicio das habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar a información e transformala en coñecemento.

Cremos que as TIC son unha ferramenta que axudará e facilitará a aprendizaxe de contidos das áreas curriculares, polo que non se trata de empregar TIC sen máis senón que teñen que estar inmersas no proceso de ensino-aprendizaxe, deste xeito, a integración das TIC na educación

infantil vai permitir favorecer o acceso á información e axudar a mellorar as posibilidades expresivas dos rapaces e rapazas.

O ordenador, os programas multimedia, a pizarra dixital, internet, e outros medios audiovisuais son un recurso máis nas aulas o que permite que os nenos e nenas interioricen e aprendan o código tecnolóxico dunha forma natural, a través do xogo.

Na aula teñen un ordenador, tanto no apoio ás rutinas como nas asembleas ou no desenvolvemento dos proxectos e unidades didácticas.

Fomentaranse experiencias de iniciación temperá nas tecnoloxías da información e das comunicacións convertíndo o ordenador, nun novo recurso educativo que pode chegar a enriquecer moito máis o proceso de aprendizaxe. Se pensamos que a Educación Infantil debe ter unha labor compensatoria, acercará a todos o alumnado a novos soportes de comunicación e información.

Os OBXECTIVOS XERAIS para acadar as competencias no tratamento da información para o segundo ciclo de educación infantil son:

- Incorporar o ordenador como recurso importante no proceso de ensinanza- aprendizaxe para motivar, investigar, descubrir, imaxinar, crear,..
- Coñecer as distintas tecnoloxías da información e a comunicación (TIC).
